

sociedade

Aspnais inaugura a nova sede situada no inmoble do antigo hospital de San José. **Pax. 9**

cultura

Lugo renderá unha homenaxe ao escritor Darío Xohán Cabana. **Pax. 13**

economía

Volverán esixir responsabilidades pola xestión da Fábrica da Luz. **Pax. 15**

infraestruturas

A Deputación cede terreos no campus á USC para construír outra facultade. **Pax. 18**

deportes

O piloto Sergio Vallejo presenta o vehículo co que irá ao Dakar 2023. **Pax. 28**

Presentado un intenso programa para o Nadal



Xa hai data para o Arde Lucus do 2023

Celebrarase de novo durante catro días entre o 22 e o 25 de xuño do próximo ano. **Pax. 13**

Novos proxectos de rehabilitación

Engloba o pazo de dona Urraca e dous edificios situados na praza da Catedral. **Pax. 19**

Teatro en decembro



O auditorio acollerá a representación da obra teatral *El aguafiestas*. **Pax. 10**

Motocross



A cidade será sede dunha das probas do Campionato de España. **Pax. 29**

Carreira Lugo Monumental



A nova edición celebrarase o día 18 e recupera a proba de menores. **Pax.29**

Aprobados os orzamentos da Deputación

As contas do ente provincial para o 2023 soben preto dun 10,5% con respecto a este ano. **Pax. 27**

VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA

- ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS
- CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES
- REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES
- CAPITULACIONES PATRIMONIALES
- PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📷 veiguelabogados 📱 veiguela abogados

A FONDO

Un Nadal cheo de maxia

Lugo ten preparado un intenso programa con actividades para todas as idades, que arranca co acendido da iluminación

O Nadal está moi preto e a cidade de Lugo prepárase un ano máis para desfrutar deste momento cheo de maxia. Este ano Maximus, a mascota do Breogán, será a encargada de acender as luces nestas festas de Nadal. O alumeado permanecerá en funcionamento ata o 8 de xaneiro e terá un horario de 18.00 a 00.30 horas durante a semana, e de 18.00 a 03.00 as fins de semana e vésperas de festivos.

Este ano Lugo contará nas distintas rúas e prazas cun total de 189 arcos luminosos e 30 elementos ornamentais e ademais, decoraranse 100 farolas. Entre os elementos ornamentais, destacan a instalación dunha figura en 3D na praza de Santo Domingo, preto da Praza de Abastos, que contará como mínimo con 2.600 puntos de luz e a decoración de varias rotondas da cidade con árbores de 8 metros de altura e 1.900 puntos de luz.

Noutras prazas, instalaranse outros motivos en 3D cun mínimo de 2.000 puntos de luz ou árbores de 3 metros de altura e 12.000 puntos de luz. O percorrido do Camiño Primitivo recibirá unha decoración especial e as letras Lugo Km 100 colocadas na praza do Camiño Primitivo serán decoradas con luces. A árbore da praza Maior, fronte ao Concello, terá un mínimo de 20 metros de altura e estará ubicada sobre unha plataforma de 8x8 metros, contará cun mínimo de 3 figuras para poder utilizalo como photocall e 15.000 puntos de luz.

Acompañando a decoración das luces de Nadal este ano, por primeira vez a praza Maior acollerá un mercado municipal inspirado nos mercadinhos europeos que ofrece aos negocios da cidade mostrar os seus produtos nun dos espazos máis transitados do municipio e aos visitantes a posibilidade de mercar os agasallos de Nadal. Este mercado ten como



obxectivo dinamizar os barrios e promover o comercio e a hostalería local durante este período festivo.

Este mercadinho permanecerá aberto durante todo o mes de decembro en horario de 11.00 a 14.30 e de 16.30 a 21.00, salvo o día 24 que pechará ás 18.00, o día 31 que pechará ás 14.30 e o día 25 que permanecerá pechado todo o día. O mercado estará composto de 20 casetas de madeira que serán cedidas por quendas semanais a produ-

tores e comerciantes lucenses onde se valorará a idoneidade e carácter de Nadal dos produtos expostos e o feito de seren produtos locais ou realizados en Galicia. Ademais da caseta e da decoración exterior da mesma terán axuda na loxística da montaxe e contarán con asesoría personalizada tanto na decoración como nas técnicas de vendas.

O mercadinho de Nadal contará cun poboado miúdo composto por 5 casiñas decoradas coas cores de

cada agrupación de barrio de Lugo que se converterá nunha zona de xogos para os máis pequenos e que ademais contará cun photocall para poder inmortalizar unha imaxe de recordo.

Tamén poderemos atopar o Fogar de Santa Claus que recollerá todas as peticións dos pequenos da casa e cando Santa Claus abandone a caseta da praza Maior para repartir agasallos, Ben Alí chegará no seu lugar. Un lugar onde o emisario dos Reis Magos estará esperando para escoitar tamén as peticións das crianzas. A praza Maior contará ademais cunha pequena fábrica de xoguetes dos elfos para que todos aqueles nenos que queiran converterse nos seus axudantes teñan un recuncho máximo onde participar en ilusionantes obradoiros. E haberá un laboratorio de proba de xogos para axudar aos elfos a comprobar se os xoguetes e xogos son divertidos.

O mercadinho disporá de actividades de animación e entretemento, pensadas para todas as idades, pero especialmente para os máis pequenos como maxia, concertos e espectáculos diverso. Para os compradores, todos os días haberá sorteos de premios cos tickets de compra realizadas no mercado e acumula-

dos durante a xornada. Todo isto estará acompañado de lambetadas de Nadal onde quen o desexe poderá desfrutar de castañas, chocolate e viño quente presentando un ticket de compra nas casetas do mercado tras o sorteo diario.

Unido a este mercadinho de Nadal, que estará na praza Maior, as distintas agrupacións de barrios da cidade contarán con sets decorativos con temática de Nadal nas principais prazas que tamén terán buzóns de peticións para poder depositar as cartas aos Reis Magos. Estes estarán na praza Agro do Rolo, Horta do Seminario, praza de Augas Férreas, praza Camiño Primitivo, praza Fonte dos Ranchos e Sagrado Corazón. Estes barrios contarán tamén con animación de rúa onde dous elfos percorrerán as rúas repartindo agasallos e anunciando as actividades con divertidas improvisacións.

XuvenLugo comezará o 3 de decembro

Volve a 24ª edición do XuvenLugo, o salón de ocio infantil e xuvenil, que este ano abrirá as súas portas no Pazo de Feiras e Congresos durante 25 días dende o día 3 de decembro. XuvenLugo 2022 contará cunha gran cantidade e variedade de actividades, con ata 9 espazos diferentes nos que toda a mocidade que se achegue poderá atopar algo que se adapte ao seu gusto.

Estará aberto os días 3, 4, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 16, 17, 18, 23, 25, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro, e os días 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 de xaneiro de 2023. Os días 7 e 16 de decembro celebraranse dúas xornadas de portas abertas nas que o acceso ao evento será gratuito. As instalacións ocuparán os dous pavillóns do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, ademais do corredor que une ambas zonas.

Regresa o Nadal Fest

O Patio do Seminario acollerá a segunda edición do Nadal Fest, unha actividade organizada pola Concellería de Xuventude, dirixida por Mauricio Repetto, que terá lugar o vindeiro xoves 22 de decembro a partir das 19.30h, e que inclúe “unha serie de concertos que, baixo o fío condutor do Nadal e da mellor música urbana actual, darán continuidade aos que ofrecemos na pasada edición e que resultaron un éxito” explicaba o edil.



●	UNIVERSIDAD Grado en:			ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	j.m.rivas ACADEMIA
	ROBÓTICA	ENX. AGRÍCOLA	ENXEÑARÍA CIVIL		
	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II		
	BIOQUÍMICA	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA		
●	Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos		Matemáticas - Física Química - Lengua - Gallego Inglés - Latín - Griego Historia - Filosofía Biología - Geología Geografía Historia del Arte	
●				ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAU	
●	C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			jmrivas.es	

PROGRAMACIÓN DE NADAL

MEDRANDO NO NADAL. Festival de artes escénicas para a 1ª infancia.

OS XOGOS DA SHANTAL DE ARTISTALIA. Espazo de xogo para manipular, xogar e aprender con diferentes elementos, formas, materiais, tamaños e texturas. A partir dos 0 anos.

Os días 26, 27 e 28 de decembro das 16.00 ás 18.00 horas no recibidor do Auditorio Municipal Gustavo Freire.

É un espazo onde os máis pequenos serán os protagonistas da festa, pensado para as súas necesidades, respectando o seu tempo e o seu desenvolvemento. Un rincón para favorecer a atención e o benestar do bebé fomentando a exploración sensitiva e deseñado para a experimentación sensorial e percepción corporal.

CRASSH BABIES 2.0 de WETUM-TUM. Espectáculo con música e humor para primeira infancia, a partir 1 ano.

O 26 de decembro ás 17.00 e 18.00 horas no Auditorio Municipal Gustavo Freire.

Cabida por pase: 40 bebés + acompañantes.

CRASSH é unha combinación única de percusión, movemento e comedia visual, onde todo é un pretexto para producir son, cunha enerxía contagiosa. Con diferentes sonoridades, dende a voz aos tubos de pvc pasando polos obxectos cotiás, todo serve para estimular os sentidos dos máis pequenos e proporcionar momentos únicos entre pais e fillos.

SENSACIONAL de IMAGINART. Un espazo de sensacións audiovisuais para nenos e nenas de 18



meses a 3 anos

O 27 de decembro haberá 4 pases de 15 minutos, ás 16.30, 17.00, 17.30 e 18.00 horas no Auditorio Municipal Gustavo Freire.

Cabida por pase: 10 bebés + acompañantes.

Unha experiencia visual e sonora sorprendente. Un chan branco de cor branca. Todo é de cor branca, incluso o vestiario que os nenos e nenas levan despois de cambiarse de roupa antes de entrar no escenario. O chan é unha gran pantalla sobre a que se proxectan imaxes de alta resolución que cubren todo o espazo e os corpos dos participantes.

Cada neno pode ir acompañado unicamente dun adulto que non participará directamente na actividade. A compañía facilita a cada neno o vestiario branco para participar na actividade.

NIDOS de PROJECTE NIUS. Un espectáculo para redescubrir o poder da calma e a esencia da beleza para nenas e nenos dos 0 aos



18 meses.

O 28 de decembro haberá 2 pases de 45 minutos ás 17.00 e ás 18.00 horas no Auditorio Municipal Gustavo Freire.

Cabida por pase: 50 persoas (bebés e adultas incluídas).

O espectáculo está adicado ao momento único dos primeiros 18 meses de vida. Desde a tenrura e o xogo, disfrutárase o descubrimento do corpo, os sons e o despertar das memorias da nosa infancia.

ESPAZO DE XOGO MIUDINHO. Espazo de xogo libre para persoas pequenas e maiores.

O 29 de decembro de 16.00 ás 17.00 horas e de 18.00 a 19.00 horas no recibidor do Auditorio Municipal Gustavo Freire.

O 30 de decembro de 16.00 a 19.00 horas no recibidor do Auditorio Municipal Gustavo Freire.

A MÚSICA DAS BUGUINAS de MAMÁ CABRA e BELLÓN MACEIRAS. Unha fermosa proposta que

une música tradicional cun conto que nos leva polo coñecemento das nosas músicas para nenas e nenos a partir de 2 anos. Cabida por pase: 80 persoas.

O 29 de decembro haberá un Pase de 50 minutos. Ás 17.00 horas no Auditorio Municipal Gustavo Freire.

Unha proposta que nos ensina a amar e coñecer a nosa música e no que imos descubrindo como soan e como son diferentes instrumentos: gaita, acordeón, guitarra, percusións, instrumentos de vento... neste fermoso espectáculo músico-teatral.

NUBE, NUBE, SOL de TEATRO Ó CUBO. Unha peza de teatro pensada para as máis pequenas con un traballo de teatro físico, música e moita cor en escenario.

O 30 de decembro haberá dous pases de 45 minutos. Ás 17.00 e ás 18.00 horas no Auditorio Municipal Gustavo Freire. Cabida por pase: 60 persoas.

A través do corpo, o xesto, o canto

e a música, Teatro ó Cubo achega á primeira infancia a maxia dos ciclos da natureza e a importancia da choiva para que todo medre.

RANCHO DE REIS XEITOSO. Danzantes e Cantareiras e Cantareiros de Oxeito faran Danzas e cantos de Nadal.

Será o 30 de decembro e 4 de xaneiro ás 18.00 horas.

CONCERTO DE ANINOVO: BANDA FILARMÓNICA + ARTISTAS CONVIDADOS. Concerto da Banda Filarmónica acompañada de Sara Pérez Cruz, Tamara M. Santamariña Sanmartín, Grupo Baile Irlandés, Hector Oropeza e Diego Ventoso.

O 3 de xaneiro ás 20.00 horas no Auditorio Municipal Gustavo Freire.

OBRADOIROS DE PANXOLIÑAS TRADICIONAIS. Aprender e disfrutar dos nosos cantos tradicionais con profesores especialistas, utilizando diversos instrumentos; guitarra, ukelele e pequena percusión.

Días 26, 27, 28, 29, 30 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro. Das 11.00 ás 13.00 horas no Vello Cárcere.

Haberá dous grupos por día de 15 participantes por día e grupo. As inscricións no teléfono 982 297 195 ou no correo; vellocarcere@lugo.gal.

O primeiro grupo será das 11 ás 12 horas, e o segundo de 12 ás 13 horas. O día 5 de xaneiro, mostra final na Cabalgata.

CABALGATA DE REIS. Chegada dos Reis Magos a Cidade de Lugo. 5 de xaneiro. Saída ás 18.00 horas dende o Parque da Milagrosa.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

O Diversiarte celebra unha nova edición este decembro

Un ano máis a cidade de Lugo acolle a Feira do Diversiarte que este ano estará ubicada nunha carpa na praza Horta do Seminario durante os días 14, 15 e 16 de decembro. O horario será de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 e celebrarán unha inauguración o mércores 14 ás 12.00.

Este evento é un momento único no que se busca sobre todo dar visibilidade á diversidade funcional e a todas as entidades que están a dar servizo e que forman parte do tecido asociativo de Lugo. Nesta edición serán un total de 24 as que participantes nesta data sinalada. Adace, Aecc, Afalu, Alcer, Alucem, Alufi, Alume, Alusor, Aspalu, Art for dent, Asfega, Aspace, Aspnaís, Asorlu, Auxilia, Bonhomia, Cogami, Downlugo, Fademga, Feafes, Once, Raiolas, San Vicente de Paul e Aeswh.

A Feira do Diversiarte ofrece a posibilidade de que as diferentes entidades sociais poidan informar a pé de rúa sobre a labor que realizan ao longo de todo o ano e os servizos que ofrecen. Un traballo fundamentalmente de visibilidade as diferentes asociacións, sobretudo as máis pequenas, que realizan unha labor diaria moitas veces descoñecida pola cidadanía.

Aproveitando estas datas de Nadal o Diversiarte tamén ten como obxectivo o de colaborar coas asociacións e colectivos a que recaden fondos para desenvolver os seus proxectos e accións dentro do seu ámbito. Ao longo dos diferentes postos de cada asociación as persoas que se acheguen poderán mercar obxectos realizados nos obradoiros polos propios asociados e asociadas de

cada colectivo; bonecos, cestos ou xabóns, entre outros. Unha oportunidade única para mercar os agasallos de Nadal e colaborar nas asociacións lucenses.

Polo tanto este evento servirá un ano máis para enxalzar e poder ver o labor diario que levan a cabo todas estas asociacións abordando problemáticas moi diversas e sendo unha oportunidade para que a cidadanía aporte. Ademais da venda dunha gran variedade de produtos realizados nas entidades o Diversiarte contará nesta 16ª edición con actividades para todas as idades. Acompañando estas actividades a asociación Bonhomia realizará dúas instalacións de visibilización que estarán presentes durante toda a feira. A primeira delas será un espello de gran tamaño situado as portas da carpa cunha frase escrita Lembra que a muller máis importante do mundo está agora diante de ti.

PHOTOCALL. A segunda das instalacións será un photocall que conta coa imaxe da recoñecida ilustradora Lola Vendetta na que aparecen representadas tres mulleres espidas. Unha delas coa menstruación, outra embarazada e outra que acaba de dar a luz co lema Sexo debil os collóns. Na imaxe a protagonista aparecerá sen rostro para que as persoas que se acheguen á feira poidan poñer o seu e realizar unha fotografía. Esta imaxe ten como obxectivo desterrar esa idea e análises que aínda persisten nalgunhas contronras de que as mulleres pertencen ao sexo débil. Bonhomia é unha asociación sen ánimo de lucro que dedica o seu

traballo á sensibilización social. Son un equipo de persoas que veñen do ámbito social e de traballar noutras ONG e entidades e decidiron crear esta asociación para desenvolver proxectos de concienciación cidadá e mellorar o tecido social.

Creada en 2015 realizan proxectos de sensibilización de diferentes temáticas cunha ampla perspectiva aportada polo traballo realizado en diferentes colecti-



vos. Dende Bonhomia viron a necesidade de traballar con todo o conxunto da sociedade realizando traballos de sensibilización en diferentes ámbitos como a discriminación da muller ou o ámbito penitenciario.

Cada ano a organización do Diversiarte recae sobre dúas asociacións diferentes coa colaboración do Concello. Para esta edición de 2022 Aspace e Asorlu son as encargadas de darlle forma á cita anual. Achegámonos un pouco máis a estas asociacións para coñecer mellor o labor que realizan



a diario na cidade de Lugo.

ASPACE. Aspace é a Asociación de Persoas con Parálise Cerebral de Lugo. A parálise cerebral é unha pluridiscapacidade causada por unha lesión no cerebro antes de que o seu desenvolvemento e maduración sexan completos. Como consecuencia da súa situación de pluridiscapacidade, as persoas con parálise cerebral presentan tamén unha situación de dependencia.

Case o 80% das persoas con parálise cerebral e outras discapacidades afíns teñen grandes necesidades de apoio, xa sexa a nivel físico, intelectual, comunicativo, ou por combinación de dous ou máis factores. Este feito conduce necesariamente á prestación de apoios humanos durante as 24 horas os 7 días da semana para o desenvolvemento das súas actividades da vida diaria.

Desde Aspace prestan unha atención globalizada que, a través de terapias axeitadas e específicas potencien o desenvolvemento das capacidades físicas, sociais, psíquicas e sensoriais das persoas con parálise cerebral co obxectivo de mellorar a súa independencia e ofrecer os cuidados precisos que respondan ás necesidades físicas e de relación social

das persoas con parálise cerebral e grandes necesidades de apoio, e ás súas familias.

A segunda das asociacións encargadas este ano de levar a cabo o traballo de organización é Asorlu, a Asociación de Persoas Xordas de Lugo. A misión desta asociación é conseguir a plena inclusión das persoas xordas e xordocegas en todos os ámbitos da sociedade a través da reivindicación dos seus dereitos e a presentación de servizos que dan resposta as súas necesidades.

ASORLU. Dende Asolu ofrecen diferentes servizos como o de interpretación de Lingua de Signos que permite a eliminación de barreiras na comunicación entre as persoas xordas ou xordocegas e as oíntes ou o servizo de emprego para mellorar a empregabilidade, apoiar o emprendemento e xestionar a intermedación laboral. Esta asociación conta tamén cun servizo de atención con intervención social, mediación comunicativa e servizo de terapia ocupacional.

Este é so un pequeno exemplo de todo o que as asociacións lucenses fan por as persoas con diversidade funcional e que se pode coñecer en maior profundidade acudindo o Diversiarte os días 14, 15 e 16 de decembro.

¿Los clientes te encuentran en Google?

¿Estás posicionado cuando alguien busca el servicio que ofreces en Lugo?

Colocaremos tu negocio en el mapa... Literalmente.



ESCANÉAME
o entra en:
www.ziguatanejo.com

633 621 130

Ziguatanejo
SEO LOCAL | SEO | SEM | REDES SOCIALES

Descontento ante o peche do vicerreitorado na praza Pío XII

Tras o peche do edificio do vicerreitorado na praza Pío XII por parte da USC a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, vén de solicitar unha xuntanza co vicerreitor do Campus de Lugo de cara a “explorar as distintas vías que permitan manter o edificio do vicerreitorado da praza Pío XII con actividade”. A concelleira de Cultura afirmou que “este edificio é un emprazamento privilexiado para a USC, cuxa rehabilitación requeriu dun importante investimento para as administracións implicadas, e non pode ser relegado só a acoller actividades institucionais”.

Maite Ferreiro defendeu que as instalacións da USC no centro “é un exemplo a seguir para recuperación do casco histórico, ás portas do barrio máis antigo de Lugo, a Tinería, que sigue agardando a que se complete a súa rehabilitación”, e engadiu



“estas instalacións son un exemplo da unión vinculación do Campus de Lugo coa cidade, un campus cuxos proxectos son moi importantes para a economía de Lugo e de toda a Galiza interior”.

O reitor Antonio López manifestou que “a USC non contemplou en ningún momento o peche e moito menos o desmantelamento desta infraestrutura universitaria”. O Pazo de Montenegro permitirá reforzar a

imaxe institucional e a presenza da USC na cidade de Lugo como espazo integrado nas dinámicas do tecido cultural, turístico e económico da capital luguesa.

O reitor expresou a súa sorpresa diante da polémica xurdida por mor do traslado da actividade administrativa que viña desenvolvendo a institución académica no edificio do casco histórico de Lugo a outras dependencias do campus universitario.

Ciudadanos propón crear un plan para previr a violencia adolescente

O concelleiro de Ciudadanos, Juan Vidal-Pardo, propuxo no último pleno a iniciativa de poñer en marcha un Plan municipal coordinado contra a violencia entre menores, con accións correctivas e preventivas. «Esta iniciativa ten por obxectivo crear unha acción coordinada transversal, da que formen parte as diferentes áreas de goberno, as forzas de seguridade, así como

as institucións e asociacións que se considere necesario desde o goberno municipal para intervir no que é un fenómeno cada vez máis habitual e que ten unhas consecuencias increíblemente lesivas para o desenvolvemento de toda unha xeración de lucenses. É un órgano transversal para tratar a violencia adolescente e previr o bullying na redes a nivel local», ex-

plicou o concelleiro da formación laranxa.

“Preocúpanos a alerta lanzada no pasado mes de setembro da Unidade de Delitos Especializados e Violentos de Lugo (UDEV) sobre difusión de contidos potencialmente prexudiciais para os menores, que existen en diferentes contas sociais, que a súa vez están controladas por minore”, din.

Alumnos dos IES Ánxel Fole de Lugo foron premiados no certame polo 25-N

Cadanseus traballos presentados por escolares do IES Ánxel Fole de Lugo e Monte Castelo de Burela foron premiados no certame de creación gráfica e audiovisual convocado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con motivo do 25-N, día internacional contra a violencia de xénero.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou que Miguel Ángel García Goyos, alumno de 1º de ESO do IES Ánxel Fole, foi gañador na 1ª categoría de imaxe gráfica -para 5º e 6º de educación primaria, de 1º e 2º de Educación Secundaria Obriga-



ria (ESO) e educación especial-, cunha proposta titulada Non sexas o seu xoguete.

Declarado improcedente o despido de operadoras do 010

Un xulgado declarou improcedente o despedimento, feito efectivo o 1 de abril de 2022, de catro traballadoras adscritas ao servizo 010 do Concello de Lugo e, en consecuencia, condenou á empresa Abante Business Process Outsourcing a que opte entre readmitir ás demandantes no seu posto de traballo ou indemnizalas pola extinción da relación laboral.

Na resolución, a xuíza explica que a empresa, por decisión unilateral, deixou de prestar o servizo de atención telefónica 010 desde o 8 de marzo de 2022. “É evidente que se

trata dun suposto de despedimento tácito, debido a que existe unha vontade evidente do empresario de poñer fin á relación laboral, debido a que procedeu a dar de baixa na Seguridade Social ás traballadoras”, recalca a titular do Xulgado do Social número 4 de Lugo no fallo, no que indica que os despedimentos deben ser cualificados como improcedentes porque “non se axustan ás formalidades establecidas na lexislación vixente”, que establece que “o despedimento deberá ser notificado por escrito, indicando os feitos que o motivan e a data de efectos”.

SOLICITA TU KIT DIGITAL

El Kit Digital es una iniciativa del Gobierno de España, que tiene como objetivo subvencionar la implantación de soluciones digitales disponibles en el mercado para conseguir un avance significativo en el nivel de madurez digital.

¿Qué servicios te ofrecemos?

Desde Ingeniería Insitu, colaboramos con Galicia Digital e Innogando para ofrecer los mejores servicios a nuestros clientes.

- Web y Posicionamiento.
- Tienda Online/Ecommerce
- BI y Analítica
- Gestión de Redes Sociales. Social Media.
- Comercio electrónico.
- Servicios de oficina virtual.
- Gestión de procesos.
- Factura electrónica.
- Comunicaciones seguras.
- Gestión de clientes.

PARA MÁS INFORMACIÓN

Correo electrónico: lugodigital22@gmail.com
Número de teléfono: 623 53 94 67

982 22 26 49
formacion@estudiosrafer.es

CURSOS AFD 2022/2023

<p>SEGURIDAD INFORMÁTICA (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>SISTEMAS MICRINFÓRMATICOS (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>FINANCIAMIENTO DE EMPRESAS (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>
<p>PROGRAMACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>GESTIÓN Y CONTROL DEL APROVISIONAMIENTO (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>GESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>
<p>ADMINISTRACIÓN DE BASES DE DATOS (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>CALDERERÍA (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>GESTIÓN DE LA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>
<p>ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ALMACENES (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>PROGRAMACIÓN DE LENGUAJES ESTRUCTURADOS DE APLICACIONES (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>ORGANIZACIÓN DEL TRANSPORTE Y LA DISTRIBUCIÓN (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>
<p>SISTEMAS DE GESTIÓN DE LA INFORMACIÓN (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>GESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>DISEÑO NA INDUSTRIA NAVAL (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>
<p>OPERACIÓN DE REDES DEPARTAMENTALES (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>CALORÍFICAS (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	
<p>DISEÑO DE CANALIZACIÓN INDUSTRIAL (FC10000) MODALIDAD AULA VIRTUAL</p>	<p>ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS EN RELACIÓN CON EL CLIENTE (FC10000) MODALIDAD TELEFORMACIÓN</p>	

“A nosa filosofía é a prevención e dar un trato personalizado”

Dental Test é unha clínica odontolóxica con máis de 15 anos de experiencia

Dental Test é unha clínica odontolóxica con máis de 15 anos de experiencia en tratamentos dentais. Conta cun local completamente equipado e de vangarda que lles permite realizar a totalidade dos tratamentos dentais máis novidosos. Falamos con Juan Lema, odontólogo e propietario, sobre o traballo que realizan en Dental Test.

Cando nace Dental Test e cal é a súa filosofía?

Dental test nace no ano 2001 coa idea de ofrecer un servizo odontolóxico integral e crear sorrisos. A nosa filosofía é a prevención e o trato personalizado e o noso lema “sorri á vida”.

Canta xente forma parte do equipo Dental Test?

Actualmente somos un equipo de seis persoas. Para nós o éxito é saber que cada día traballamos e nos esforzamos para obter a maior satisfacción dos nosos pacientes. Isto conséguese tendo un equipo facultativo e humano ben formado e motivado para que todos persigamos o

mesmo obxectivo. Queremos que a xente que traballa en Dental Test, o noso equipo, queiran estar aquí sempre porque cren neste proxecto tanto coma nós. Na nosa clínica tratamos aos pacientes como se fosen da familia por iso todo o noso persoal ten ese perfil.

Que servizos ofrecen?

Odontoloxía integrativa, odontoloxía dixital, implantes dentais, endodoncia, ortodoncia invisible, estudo do sorriso, odontopediatría, periodoncia, estética dental e cirurxía oral e maxilofacial.

Dos servizos que ofrecen, cales son os máis demandados polos clientes?

Os tratamentos máis demandados son os implantes dentais, ortodoncia, estética dental e branqueamento, aumentando estes na época de verán. En implantes dentais contamos coa superficie máis avanzada, Stranmann SLA Active, que están á vangarda en resultados e investigación dental.

Que é o que máis se valora nun

dentista?

Considero que o que máis valoran os nosos pacientes é a confianza no equipo médico, a atención recibida, que contemos cos últimos avances na tecnoloxía e no equipamento. Non basta con ser un bo profesional, tamén é importante estar ó día en formación continuada e ofrecerlle a maior comodidade e satisfacción na súa visita á nosa clínica.

Que é o máis importante da saúde bucodental?

O máis importante da saúde bucodental é realizar un bo cepillado de dentes tres veces ó día, usar fío dental e levar a cabo revisións de forma regular, tanto os adultos como os nenos, debendo realizar estes a súa primeira revisión aos tres anos de media. Para a primeira revisión dos máis pequenos é recomendable ir preparando aos nenos para que sexa unha visita agradable e non resulte un proceso cheo de angustia. Estas revisións convén facelas cada 6 ou 12 meses dependendo de cada caso.



Cales son os principais problemas dentro da saúde bucodental?

Sen dúbida a caries que afecta a case o cen por cento da poboación seguido por a xenxivite, periodontite, halitose, herpes e cancro oral.

Cal é a evolución da odontoloxía nestes últimos anos?

A odontoloxía evolucionou moito os últimos 20 anos. Perfeccionáronse as técnicas empregadas nos tratamentos e as anestésicas. A busca de constantes melloras estéticas e tecnolóxicas axúdanos a realizar diagnósticos de patoloxías dentais máis rápido e

de forma máis concisa. Permítenos tamén deseñar tratamentos personalizados.

Como ve o futuro da odontoloxía?

As novas tecnoloxías están revolucionando a odontoloxía e a nosa actitude cara a saúde bucal. Dispoñemos de innovacións cada vez máis disruptivas para mellorar a saúde bucal e tamén para mellorar a nosa práctica como profesionais. A nosa tarefa é estar ó día das últimas innovacións e seguir o ritmo das crecentes posibilidades no ámbito da saúde bucal.

Apoio á Protectora e ao grupo Michos

O Concello revalida coa Sociedade Protectora de Animais e Plantas e a Asociación Michos os convenios de colaboración que manteñen en prol da acollida, atención e coidado dos animais abandonados e dos gatos rueiros asentados no municipio.

Unha cooperación que se enmarca ao abeiro do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello, a través da área de Medio Ambiente que dirixe Miguel Fernández, coa que

o Excutivo local apoia, cada ano, o labor destas entidades con 200.000 € e 15.000 euros, respectivamente. A rexedora, subliñou que “o obxectivo destas subvencións é dar soporte para que estas organizacións poidan mellorar, por unha banda, o coidado dos animais que acollen nas súas instalacións, incidindo en aspectos tan importantes como a manutención e o seu benestar e, pola outra, seguir velando por un

maior control sanitario das colonias felinas existentes na cidade”.

Ademais, os xogadores do Breogán protagonizan o calendario solidario da Protectora de Animais e Plantas de Lugo. O Espazo Permacultural Lugar de Reque, a carón do río Rato, foi escenario dunha sesión fotográfica na que se tomaron as imaxes que ilustrarán o almanaque de 2023 e que teñen como protagonistas aos xogadores do CB Breogán.



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

CEMITERIO MUNICIPAL
SAN FROILÁN

Programación Cultural - Outono 2022



**A nosa memoria,
a memoria da cidade.
O que foi e o que é...
Memoria viva**

18/12/22 • 19:30

Visita teatralizada • Achádego Teatro



**ESCOLA
PALIMOCO
TEATRO
DANZA**



Meillor Manufatura Arquitectónica de Cemiterios de España, 2015 | Meilloras Actividades de Portas Abertas en Cemiterios de España, 2017

Máis información en cemiterio.concellodelugo.gal

O Goberno local busca unirse á Rede de Cidades pola Bicicleta

A Mesa Observatorio posta en marcha polo Goberno Local no marco da estratexia Lugo en Bicicleta para impulsar a bicicleta nos desprazamentos habituais urbanos, celebrou a súa segunda reunión de traballo. Este órgano participativo está integrado por colectivos e institucións vinculados ao mundo da bicicleta e dos potenciais usuarios, como a Universidade, as ANPAs, os clubs ciclistas, os comercios especializados en ciclismo de Lugo, ou o grupo Mulleres en Forma e Masa Crítica, e a súa finalidade é manter un diálogo permanente para pór en marcha accións de incentiación, comunicación e concienciación sobre os beneficios saudables e medioambientais. Neste segundo encontro, no que tamén participou o concelleiro de Deportes, Mauricio Repetto, abordáronse temas relacionados coa

divulgación da nova senda verde ciclista e as ferramentas que se utilizarán na promoción do seu uso por parte da cidadanía, coa elaboración de material divulgativo e accións a pé de rúa; así como actuacións de concienciación e sensibilización. Un dos principais puntos tratados foi a adhesión do Concello de Lugo á Rede de Cidades pola Bicicleta, "iniciativa na que estamos a traballar actualmente", explicou Repetto. "Trátase dunha asociación composta por entidades locais que ten por obxecto a xeración dunha dinámica entre as cidades españoas co fin de facilitar, facer máis segura e desenvolver a circulación dos ciclistas, especialmente no medio urbano", avanzou o concelleiro, quen subliñou que "actualmente, máis de 150 entidades do país xa están aheridas a esta rede".

Lugo será no mes de maio unha das Cidades Talento do ano 2023

Lugo foi escollido como Cidade Talento 2023 e acollerá xunto a Zaragoza, Valladolid, Córdoba e Girona, entre febreiro e xuño do ano que vén, a segunda edición desta xira que persegue impulsar e conectar o talento novo do país.

A Fundación Princesa de Girona deu a coñecer a última parada do Tour do Talento 2023 que recaeu en Lugo e, ademais, desvelou as datas nas que terá lugar o evento que serán entre o 2 e o 7 de maio.

Estas localidades foron elixidas como Cidades Talento 2023 nas que se organizarán actividades de todo tipo e formato co obxectivo de conectar, activar e potenciar aquilo que fai única a cada persoa: o seu talento. Cada parada do Tour, ademais, acollerá a reunión dun xurado de expertos e a posterior proclamación dos gañadores dos Premios da Fundación na edición 2023. A categoría Artes



e Letras anunciarase en Córdoba; a de Empresa, en Valladolid. O Premio Social proclamarase en Zaragoza, o de Investigación Científica en Lugo e, finalmente, a categoría Internacional, en Girona.

As inscricións ao Tour do Talento xa están abertas na web oficial e as persoas interesadas poden apuntarse aquí para reservar as datas e garan-

tirse unha praza. A Fundación traballa actualmente, co apoio das administracións públicas de cada cidade, na elaboración dunha axenda de contidos específica segundo a temática de cada cidade e con propostas rompedoras para todo tipo de mozos, que conformarán o programa oficial e que se darán a coñecer no principio do ano.

O Maratón Fotográfico do Campus xa ten gañadores

O Maratón Fotográfico do Campus ofrece un novo percorrido pola capital luguesa a través da mirada das 32 persoas que tomaron parte na vixésima oitava edición dun certame artístico que distinguiu a imaxe captada por Sara López Temes *Entre acordes*, co premio Carlos Valcárcel, un galardón dotado con 350 euros en metálico, trofeo e diploma, que recoñece a mellor fotografía dun certame artístico promovido ao abeiro do convenio Lugo Cultural e que nesta ocasión xirou os focos cara a capital amurallada.

A fotografía de Sara López Temes figura entre as vinte instantáneas seleccionadas polo xurado para formar parte da mostra do XXVIII Maratón Fotográfico do Campus, unha exposición colectiva inaugurada este luns no vestíbulo da Biblioteca Intercentros, onde permanecerá instalada ata o 2 de febreiro, para, catro días despois, viaxar ata a Biblioteca Pública Provincial. Alén destas exposicións públicas, doce das fotografías presentadas a concurso darán vida e ilustrarán o calendario de 2023 do Lugo Cultural.



O acto serviu tamén de cerimonia de entrega dos galardóns ás mellores propostas artísticas dun certame que otorgou a Begoña López o premio Eduardo Ochoa, dotado con 300 euros, diploma e trofeo, pola fotografía *Contraste capital*, considerada como a mellor referida ao tema proposto para organización: Perderse na cidade. O galardón a

imaxe mellor valorada polo xurado na categoría de tema libre recaeu nun retrato dunha moza en branco e negro, cuxa autoría corresponde a María Jesús Varela Pulpeiro. A fotografía *Nós*, de Bruno Martínez Pérez, recibiu o premio Rof Codina, dotado cunha gratificación en metálico de 200 euros, ademais de trofeo e diploma.

Lanzan a campaña de dinamización lingüística do Campus

Unha campaña de dinamización lingüística, *Cambia a túa mirada*, organizada pola Facultade de Veterinaria da USC busca favorecer a integración lingüística do estudantado chegado de fóra de Galicia. Coa posta en marcha desta campaña de dinamización búscase romper con tópicos e vencer posibles prexuízos da poboación universitaria chegada de fóra de Galicia e tamén para acompañar e, se cabe, reforzar, a opción tomada polas persoas galegofalantes para expresarse e relacionarse en galego. A campaña *Cambia a túa mirada*, apoiada tamén polo Servizo de Normalización Lingüística da USC, focaliza as súas intervencións na Facultade de Veterinaria por mor das singularidades que presenta un centro ao que cada ano se incorpora un elevado número de estudantes (máis da metade do alumnado de novo ingreso) procedentes de fóra de Galicia.

Alén de favorecer a harmonía lingüística entre o alumnado galegofalante e o que non o é, *Cambia a túa mirada*, pretende suavizar a aterraxe e acelerar a integración na sede universitaria luguesa daquelas persoas de fóra de Galicia, facéndoos partícipes dos hábitos e costumes propios. As accións escollidas para avanzar neste proceso de sensibilización cara ao galego inclúen a distribución, a través dos grupos de whatsapp dos primeiros cursos, de vídeos con testemuños de estudantes, docentes, investigadores e profesionais en activo.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Ginkana do Nadal

Xoga con nós!

Regalamos 50 Décimos para a Lotería de Nadal!!!

Cada día daremos unha pista para atopar os 5 décimos agochados en zonas coñecidas da cidade de Lugo.

Participa desde o día 11 ata o día 20 de Decembro

LIBRERÍA GALICIA

Aspnais inaugura a nova sede

A Asociación de Pais e Titores de Persoas con Discapacidade Intelectual de Lugo (Aspnais) inaugurou a súa nova sede situada no inmoble do antigo hospital de San José cedido de forma gratuíta pola Deputación á asociación.

No acto de inauguración, ó que asistiron numerosas personalidades do ámbito social, cultural e político, Pablo Rivera felicitou a Aspnais polo resultado desta actuación nun edificio que forma parte do patrimonio provincial, e que é “unha mostra clara dos extraordinarios resultados que ten na nosa sociedade a colaboración entre administracións e co tecido asociativo”.

Grazas á cesión da institución deste emblemático edificio de 10.000 m2 de superficie, o colectivo conta hoxe cunhas instalacións na cidade de Lugo “máis modernas, con maiores prestacións, máis dimensionadas e mellor adaptadas ás necesidades das persoas con discapacidade”, afirmou Rivera.

Unha colaboración, recalcou, que se enmarca nun dos eixos de acción da política social desta ins-



titución “que materializamos en medidas que xorden da colaboración co tecido asociativo do ámbito social, como é precisamente neste caso con Aspnais, e tamén cos concellos da provincia”, recalcou. Nese compromiso, un claro exemplo, “é a ampla rede pública de Protección Social, que xa é unha sinal de identidade da Deputación de Lugo, e que é un referente no resto do país e mesmo no ámbito europeo polo modelo de asistencia ás persoas maiores que temos implantado nas nosas residencias”, afirmou Pablo Rivera.

O deputado de Promoción, Social e Económica, xunto ao presidente de Aspnais, José Reigosa, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e outras autoridades, visitou as novas instalacións que prestan servizo a 173 usuarios e usuarias, para levar a cabo as diferentes actividades e obradoiros que desenvolve a asociación.

O Concello financiou con 130.000 euros a elaboración do proxecto de remodelación do antigo hospital, que a Deputación de Lugo cedeu a esta asociación lucense, durante un período de 50 anos.

O Concello entrega as súas Medallas de Ouro



A Medalla de Ouro é a máxima distinción que o Concello de Lugo concede a entidades ou á cidadanía. Este ano foron concedidas á figura de Darío Xohán Cabana, Auxilia, á Sociedade Filarmónica, á Escola Ramón Falcón e ao Campus Terra.

O regulamento fixa que “deben recibir este galardón persoas que teñen atribuídos méritos verdadeiramente extraordinarios, o que así se pode considerar tanto na figura do escritor lucense como no caso destas entidades e colectivos cuxo compromiso para con Lugo e os e as lucenses leva sendo unha constante dende o inicio da súa traxectoria”, sinalou a rexedora.

A alcaldesa quixo poñer en valor, primeiramente, a fonda pegada deixada por Xohán Cabana ao que recoñeceu como unha das grandes voces das letras galegas contemporáneas.

O académico e autor de máis de 40 títulos literarios, faleceu en novembro de 2021 aos 69 anos de idade, deixando enormes afectos no Concello, “onde traballou durante décadas como funcionario da área de Cultura dende a que realizou un encomiable labor”.

Lara Méndez fixo tamén referen-

cia a Auxilia, que este ano celebra o seu 50 aniversario. “Medio século no que esta asociación mellorou a calidade de vida das persoas con diversidade funcional e reivindicou a transformación urbana e social da nosa cidade, na procura dun Lugo integrador que non descansa na tarefa de acadar unha inclusión plena, en colaboración co Concello pero tamén impulsando accións de sensibilización de maneira constante”, subliñou. Méndez dignificou tamén a andaina da Sociedade Filarmónica de Lugo, “que suma xa 75 anos programando concertos e difundindo a música no noso municipio como un referente cultural”, así como os 50 que a Escola Ramón Falcón cumpriu antes da pandemia (pero que, por mor da mesma, está a conmemorar agora).

A este respecto, a alcaldesa lucense eloxiou igualmente ao Campus Terra, sendo o primeiro de toda Galicia en recibir a acreditación como campus especializado de maneira completa “o que o sitúa – sostivo – en todo un referente nos eidos do coñecemento e a investigación pero tamén como un impulsor de valiosas sinerxías entre os ámbitos público e privado”.

Benestar incrementa as prestacións do Centro de Día Novo Antonio Gandoy

O Executivo aprobou a adjudicación do servizo de comida no Centro de Día Novo Antonio Gandoy á empresa Calidus Catering Services SL.


A través da licitación, a Concellería de Benestar, ofrecerá 14.040 almorzos e outras tantas merendas ao ano e 15.084 xantares ás persoas usuarias do centro – que dispón dunha capacidade de 50 prazas – redundando na asistencia integral

que reciben durante o seu tempo de estancia. Entre as melloras que incorporan os pregos do novo contrato se inclúe unha maior rotación dos menús para garantir unha diversidade de pratos.

“Haberá menús diferentes para 4 semanas e moita máis variedade no tipo de dietas, que poderán personalizarse en función das necesidades que presenten as e os usuarios,

engadindo ás actuais e contempladas como básicas (basal, diabética, fácil mastigación, triturada e adstrinxente) a incorporación da apta para persoas celíacas, a apta para persoas a tratamento con sintrom e a de sen carne de cocho”, indicou López Racamonde.

O contrato terá unha duración de dous anos, prorrogable por outros tres en períodos anuais.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

A Subdelegación acolle unha mostra sobre violencia



A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, inaugurou a exposición *Cuestión de Xénero. Nin raza nin bandeira*, impulsada pola Asociación de Xóvenes Emprendedoras Lucenses (AXEL), que ten como protagonistas a mulleres vítimas de violencia de xénero. Fíxoo acompañada de representantes do colectivo lucense e de Pepa Arte e Diseño, e Academia Atelier, que colaboraron con este proxecto. Esta mostra, que acolle a Subdelegación do Goberno en Lugo ata o 9 de decembro, forma parte da programación que organiza a Delegación e a Subdelegación con motivo do 25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia.

A exposición é unha iniciativa de AXEL que amosa o traballo realizado polas alumnas do programa de inserción laboral para vítimas de violencia de xénero. A colección permite coñecer un pouco máis os países de orixe das participantes, a través de fotografías, textos e cadeiras restauradas polas mulleres, e inspiradas nos símbolos, costumes e tradicións de cada territorio. Concretamente, os países presentes son Brasil, Colombia, Togo, Romanía, República Dominicana, Marrocos e España, ademais de Galicia. As persoas interesadas poden visitar a exposición na Subdelegación do Goberno en Lugo, de luns a venres, de 9:00 a 17:30 horas.

O Caudal Fest contará con Leiva na próxima edición do 2023

O Caudal Fest 2023 confirma a Leiva como novo cabeza de cartel para a súa quinta edición, a de 2023. O madrileño é un dos artistas máis demandados polo público de todo o país e máis respectados pola crítica e poñerá banda sonora a Lugo cun repertorio de máis de dúas décadas grazas a unha riquísima carreira en solitario e como líder de Pereza.

O Caudal Fest, que impulsa a Lugo no circuito de festivais de verán, suma un novo artista ao seu cartel que, en 2023 se celebrará o 15 e 16 de setembro e acompañará ás primeiras confirmacións de bandas da quinta edición da #Últimaganfesta-doverán.

Así, Leiva súmase aos artistas xa anunciados por Bring The Noise e o Concello de Lugo nesta edición. Vetusta Morla, como cabezas de cartel, a banda en castelán máis grande a nivel mundial na actualidade, será outro dos pratos fortes desta quinta edición. Éxitos como La Deriva, Copenhague, ou Valiente serán coreados polas miles de persoas que acudirán de novo a Caudal Fest. Xunto a eles, outros grandes artistas do momento como son os cataláns Sidonie, clásicos do indie pop rock español cunha listaxe de grandes éxitos; Ojete Calor, coas súas letras cheas de humor, que enchen



recinto polo que pasan desde hai varios meses; La La Love You, unha das bandas novas máis en auge dos últimos anos con centos de miles de fans en toda España; ou Berto, o dúo galego que revolucionou o panorama musical en 2021, que conta cunha das comunidades de fans máis activas da internet.

Dende hoxe están a disposición 1000 abonos ao prezo reducido de 49€ (máis gastos de xestión). Toda a información en www.caudalfest.es.

EUROPEAN FESTIVAL. O Caudal Fest está nominado aos European Festival Awards na categoría de mellor festival de mediano formato, que premia ás celebracións que

teñen unha capacidade diaria de audiencia de entre 10.000 e 39.999 persoas.

Desde a súa creación en 2009, os European Festival Awards recoñecen os logros colectivos dos festivais musicais. Son os galardóns máis prestixiosos de Europa e nas súas 16 categorías valoran os logros dos organizadores e provedores no sector e honran aos festivais e ás persoas que dedican especial atención á seguridade, conciencia social, visión de futuro e sustentabilidade.

Os premios contan con participación a través de votación, e o prazo para o público está aberto ata o mércores, 7 de decembro, a través de europeanfestivalawards.org.

O Caudal Fest xa acadara na súa primeira edición – 2018 – dúas nominacións a estes galardóns, nas categorías de: Best New Festival (festival revelación) e Best Medium-Sized Festival (mellor festival de mediano formato), repetindo esta última no 2019.

O Caudal Fest prepara xa a súa edición de 2023 nas datas 15 e 16 de setembro coa presenza de grupos tan relevantes e queridos polo público como Leiva, Vetusta Morla, Sidonie, La La Love You, Ojete Calor e Berto Banda, entre outros.

EN BREVE

'COCO'. O vindeiro 7 de xaneiro chega ao Auditorio Gustavo Freire o musical de *Coco* que terá lugar ás 17.00. Baseado na película familiar do mesmo título que resultou gañadora do Óscar no 2018 este espectáculo musical está dirixido por Pedro Pomares e representado pola Compañía Nacional de Teatro Musical. A actuación contará con grandes voces en directo, bailaríns e acróbatas nun espectáculo que emocionará, divertirá e fará participar aos espectadores. Pensado para un público familiar este musical achega a tradición mexicana do Día dos Mortos.

A CARÓN DA MOSQUEIRA. Dende Lugo Cultural convocan unha nova edición de *Músicas a carón da Mosqueira* coa programación de tres concertos durante novembro e decembro. A primeira cita musical xa tivo lugar o luns 28 de novembro, e a seguinte será o luns 12 de decembro ás 20.30 terá lugar a actuación de Natalie Schwomova e o luns 19 de decembro actuará Natalia Labordette e Victoria Guerrero ás 20.30. Ambas actuacións terán lugar na Casa do Saber con entrada libre.

A obra 'El aguafiestas' chega ao auditorio en decembro

O auditorio municipal Gustavo Freire acollerá a representación da obra teatral *El aguafiestas*, que protagonizan os famosos cómicos Josema Yuste e Santiago Urrialde, xunto a outros catro recoñecidos actores coma Maribel Lara, Vicente Renovell, Kiko Ortega e Arturo Venegas. A representación terá lugar o venres 9 de decembro ás 20.30 e as entradas xa están a venda en ataquilla.com.

El aguafiestas conta a historia de Sergei, un asasino a soldo que se hospeda nun hotel para poder cumprir co seu rifle desde a xanela un dos seus encargos. Pero a súa tarefa verase constantemente interrompida por Ramón (Santiago Urrialde), o hóspede da habitación contigua. Un home moi, pero que moi pesado, que pretende suicidarse despois de que a súa muller o abandonara.

Escrita polo francés Francis Veber, un dos dramaturgos máis recoñecidos en Europa, autor do clásico



do humor *La cena de los idiotas*, chega agora a nova versión desta comedia de éxito baixo a dirección de Marcelo Casas.

Según palabras do director esta obra reúne todos os ingredientes fundamentais da comedia de situación para facer chegar e crear no espectador o asfregado continuado e las risas aseguradas durante toda a representación.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







CRM



CONTABILIDAD



PRESENCIA



GESTIÓN



PRODUCCIÓN



E-COMMERCE



FIDELIZACIÓN



EXIT MOBILE



EXIT B2B



EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL





C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



O noso mercado
é un agasallo

Achégate a mercar á praza e
ao mercado municipal de Lugo

Recolle o teu agasallo
por compras superiores a 40€

de Luns a Venres

de 8:00 ás 14:30 h e de 17:00 ás 21 h

Sábados de 8,30 ás 14,30 h



Concello de Lugo

Área de Participación
e Servizos para a veciñanza

“O noso labor, ademais de informativo, lúdico ou festivo, ten que ser ético”

Tareixa Campo é unha das integrantes do grupo de teatro Achádego

Achádego é un grupo de teatro afeccionado que nace en 1988 e que dende entón continúa traballando en prol da difusión da cultura e da lingua galega. Falamos cunha das súas integrantes, Tareixa Campo, sobre o historia do grupo e os seus proxectos de futuro.

Achádego Teatro nace en 1988, como xurde a idea e como foron eses comezos?

O día 10 de decembro de 1988, hai 34 anos, Achádego estrea a súa primeira montaxe para celebrar o cuadrexésimo aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A *dobre historia do doutor Valmy* de Buero Vallejo, unha obra que pola súa temática achegaba ó público, dun xeito descarnado, á terrible experiencia da tortura. Eramos un grupo de toliños e toliñas que entre o San Froilán e o 10 de decembro dese ano 1988, acampamos nun Auditorio Gustavo Freire, penso que aínda con teitos de uralita ou algo parecido e cun frío que nos obrigaba a ensaiar con bufanda e luvas, e montamos esta peza contra reloxo. Logo da realización deste proxecto o grupo de persoas que o levamos adiante, 19 máis colaboradores (Espazo Permeable fixo os decorados, e outros) decidimos formar un grupo estable de teatro afeccionado, así naceu Achádego. O nome? Unha brincadeira cunha frase do texto que salientaba dun xeito especial Rafa, un dos actores: *O sorriso é o máis fermoso achádego da humanida-*

de, non o perdan, non o perdan nunca.

Canta xente forma parte de Achádego teatro?

Neste momento estamos actuando regularmente 12 actores/actrices, pero cinco ou seis máis están aí, na retagarda para participar nalgún dos programas si son necesarios.

Son moitos anos, cales son as claves para tantos anos en activo?

O primeiro, é que che guste o teatro, e que esteas disposta a deixar outras moitas cousas por el. O teatro, desde logo, engancha, e por outra banda, ao ser tamén nós un grupo de amigos e amigas, facilita o traballo.

Que significa para Achádego o teatro?

Os compoñentes de Achádego sempre soubemos que o noso labor dramático, ademais de lúdico, festivo, estético ou informativo tiña que ser ético. Loitar a prol da dignificación e espallamento da cultura, da nosa cultura, tradicións, lingua e da defensa dos dereitos humanos e da igualdade.

Que é o que máis disfrutan do teatro?

Igual que na vida, cada quen ten as súas preferencias dentro dos distintos oficios teatrais, a algúns gústalles a dirección, outras preferimos a interpretación, a caracterización ou a escenografía. Nun grupo amador, xeralmente ocupámonos un pouco de todo. No que si

estamos todos e todas de acordo, con seguridade, é en que o primeiro é a comunicación co público, ese fluxo que vai e volve do escenario ao patio de butacas e do patio de butacas ao escenario.

En que proxectos están traballando actualmente?

Temos sempre unha montaxe polo menos, para xiras, neste momento é *Nadal na casa dos Lamelo*. Ademais, participamos noutros eventos e programas relacionados especialmente coa cidade de Lugo: A Familia Pelúdez no San Froilán, o Arde Lucus, Visitas Teatralizadas ao Cemiterio e ao Vello Cárcere, entre outros.

O próximo 10 de decembro organizan unha gala benéfica, que nos pode contar sobre este evento?

Todos os anos, polo noso aniversario, facemos unha gala ou unha representación benéfica, este ano será a favor da Asociación Galega de Transplante de Medula Ósea. A entrada custará 5 euros e haberá tamén fila cero para quen queira colaborar. A asociación Asotrame naceu en 2013 co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas transplantadas, daquelas que se atopan inmersas nun proceso de cancro hematolóxico, dos seus familiares e, por ende, do conxunto da sociedade.

Cal é o proxecto do que gardan mellor recordo?

Poden unha nai ou un pai dicir a



que fillo quere máis? Cada un ou unha foi especial por razón distinta. En *A Tempestade*, de Shakespeare foi moi gratificante contar coa colaboración de outros grupos (Palimoco e Nova Escena); con *Confusión de María Balteira*, estivemos no Ateneo de Madrid e en varios lugares de Castela-León e Portugal, *A Barca sen Mariñeiro* ... un gozo... por nomear algunha. De todas e cada unha delas podería dicir que foi a mellor. Desde hai 34 anos, Achádego sacou adiante máis de 100 proxectos escénicos, e colaborou con distintas asociacións da cidade e da provincia. Para nós todos foron especiais.

Como é o proceso para crear unha nova obra? Como son os ensaios?

O primeiro é a busca da peza, axeitándose ao que pretendemos nese momento, o material humano co que contamos, mesmo os medios dos que dispoñemos. Despois vén o estudo da peza, lecturas e construción dos personaxes, análise de cada escena, ensaio, ensaio, e máis ensaio; atrezzo, escenografía, vestuario, caracterizacións... e por último a estrea.

Que proxectos teñen para o futuro?

Nova montaxe e participación en calquera evento que se nos presente no próximo ano. Pero do que si estamos fahendosos, e de non renunciar aos nosos principios na defensa e difusión da nosa cultura e da nosa lingua.

Buscan de novo a Palabra do Ano

A Real Academia Galega e a Fundación Barrié abren un ano máis á participación cidadá a escolla da voz dos últimos doce meses a través do Portal das Palabras, o proxecto que impulsan para a difusión do léxico galego. A fase de recolla de suxestións permanecerá aberta ata o domingo 11 de decembro e posteriormente todas as persoas que o desexen poderán participar na votación popular do martes 13 ao domingo 25 de decembro.

A campaña da Palabra do Ano busca o vocábulo que incida nalgunha cuestión especialmente destacada na conversa pública dos últimos doce meses, para ben ou para mal.

A TENDA DE FINGOI
ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

¡FELICES FIESTAS!

PANADERÍA
FRUTERÍA
ALIMENTACIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

Calle Armórica 102, bajo - Lugo. Tel.: 982 225 409

escolActiva
Centro de Ensino

EN NUESTRO CENTRO TE AYUDAMOS CON:

- Pruebas libres EOI: inglés, italiano y gallego.
- Pruebas de acceso: universidad y ciclos.

¡ASESORATE CON NOSOTROS!

ADEMÁS

- Apoyo escolar en EP, ESO y BAC en todas las materias.
- Grupos de ciencias muy reducidos.

NOVEDAD
* TEST DE INGLÉS CON EF SET

Rúa Camiño Real 48, bajo 27004 Lugo.
676 115 427 / 982 807 670 / www.escolactiva.com
Instagram.com/escolactiva facebook: @escolactiva

Lugo renderá unha homenaxe ao escritor Darío Xohán Cabana

O Goberno de Lugo vén de manter unha xuntanza con familiares de Darío Xohán Cabana “de cara a organizar unha homenaxe a Darío para recoñecer e divulgar a súa obra”.

A concelleira de Cultura explicou que “Darío Xohán Cabana foi unha das persoas máis relevantes na defensa da lingua e da cultura galegas”, e engadiu, “Lugo débelle a Darío un agradecemento pola súa implicación e pola importancia que a súa obra tivo para Lugo e para Galiza”.

A área de Cultura está a traballar co artista Caxigueiro, que realizará un conxunto escultórico sobre o poeta, que se ubicará no paseo final da praza da Mosqueira. A obra de Caxigueiro



ro contará con versos do poeta escollidos pola familia. Ademais, Maite Ferreiro afirmou que o treito final da Mosqueira, próximo ao cruce con San Roque, “será coñecido como Paseo Darío Xohán Cabana”.

Maite Ferreiro afirmou que “con

estas accións, Lugo lembrará a Darío, un dos seus máis relevantes veciños, un artista, un académico, un magnífico escritor e tradutor e un gran compañeiro para todas aquelas persoas que tiveron a sorte de poder traballar con el”.

Aberto o prazo de inscrición para o programa Explorer da USC

Aberto o prazo de inscrición ata o 13 de decembro para que a mocidade universitaria emprendedora participe na nova convocatoria do programa Explorer, a través da plataforma Santander X. A nova edición desta iniciativa de impulso ao talento mozo dirixida polo Centro Internacional Santander Emprendemento (CISE) en colaboración local coa USC, a Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo, desenvolverase de xeito semipresencial e/ou en liña desde o 30 de xaneiro ata o 30 de abril nos campus de Lugo e de Compostela.

Logo de 15 edicións, a mocidade emprendedora da USC xa se ten convertido en protagonista de seu do programa Explorer, que, no caso da sede universitaria luguesa, ac-



tuou como xermolo de iniciativas de negocio hoxe xa consolidadas, tal e como é o caso de Innogando ou, entre outras, Legaltmit, unha firma de base tecnolóxica que ven de recibir unha impor-

tante inversión de capital por parte do fondo Lugo Transforma.

A nova convocatoria do Explorer está estruturada en 12 semanas de formación e mentoring, un período durante o que a mocidade emprendedora inscrita terá a oportunidade de conectar cunha comunidade internacional de emprendedores de dez países (Argentina, Brasil, Chile, México, España, Portugal, Reino Unido, Uruguay, Alemaña e EE.UU.), validar a súa idea de negocio e desenvolver as habilidades necesarias (liderado, traballo en equipo ou habilidades de comunicación) para transformala nunha solución viable e sostible.

A mocidade participante desenvolverá as súas ideas de forma colaborativa nestes centros de coworking de alto rendemento.

O Arde Lucus 2023 será do 22 ao 25 de xuño

O Arde Lucus do 2023 celebrárase do 22 ao 25 de xuño. Así llo comunicou, persoalmente, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, ás asociacións que fan posible esta festa de recreación histórica. Un anuncio no que estivo acompañada polo edil de Xuventude, Mauricio Repetto e que realizou no transcurso da VIII Cena de confraternización que mantén co colectivo.

A rexedora destacou o momento tan importante no que se atopa a cidade, xa que o Concello presentará este mesmo mes a súa candidatura para obter o recoñecemento de Festa de Interese Turístico Internacional.

Méndez puxo o foco no alcance

social, turístico e económico que xeran estes festexos, “un dos motivos polo cal anunciamos as datas de maneira temperá coa finalidade de permitir que o tecido asociativo, os veciños e veciñas, así como a hostalería e o comercio local poidan prepararse e traballar con previsión, planificando eses días”.

A alcaldesa sinalou que este ano seguiranse a potenciar novas actividades “para continuar atraendo a milleiros de persoas e convidalas a gozar cos e coas lucenses da transformación que experimenta a capital que, con fidelidade, retrocede no tempo para pór en valor o legado cultural e histórico que posuímos”.

O artista Christian Villamide presenta a peza Inhumación III

O artista Christian Villamide presentou no Museo de Lugo a peza escultórica Inhumación III, creada para o proxecto Cabodano. II Andaina, impulsado polo Centro de Estudos Fotográficos de Vigo, como epílogo e celebración da actividade editorial que a entidade desenvolveu desde 1985 ata o ano 2016, coa publicación de 44 obras de fotografía contemporánea.

A peza de Christian Villamide instalouse na sala de arte sacra, establecendo un diálogo coa pintura da Virxe Dolorosa. Permanecerá no Museo de Lugo ata finais de ano. Inhumación III está emparentada coa obra Inhumación II realizada no 2019 no Centro de Arte CAB de

Burgos e Inhumación I realizada no 2020 no Centro Galego de Arte Contemporánea, CGAC. A obra fala de todo o que vai quedando soterrado baixo o asfalto, o formigón, as cidades, baixo os nosos pés, desa cultura esquecida, de períodos borrados de civilizacións, de revolucións perdidas, de ideas pensamentos ou accións soterradas...fala desa perda da memoria histórica.

Neste caso Inhumación III fala de perda dos proxectos realizados polo Centro de Estudos Fotográficos, dese baleiro deixado polos seus contidos, dese oco non ocupado por outros proxectos, desa perda, pero tamén de todo o que xerminou a raíz destas iniciativas.



GEOCLIMA ST

CLIMATIZACIÓN - FRIO INDUSTRIAL
ENERGÍAS RENOVABLES - CALEFACCIÓN



SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO


REFRIGERACIÓN


CALEFACCIÓN


SOLAR TÉRMICA


BIOMASA

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

982 814 147 / 636 462 063 www.geoclimast.com



FLORES Y PLANTAS
A DOMICILIO



¡Les deseamos una
Feliz Navidad!

FLORISTERÍA ROSE FLOR

San Roque, 173 Bajo - Lugo

982 223 504

680 453 401

ros3-flor@hotmail.com

“A diversificación e a innovación axudaron a estar onde estamos”

Ramón Martínez é un dos socios fundadores da empresa Proyestegal

Proyestegal é unha empresa lucense de proxectos e estudos técnicos que leva trinta anos traballando no sector. Falamos con Ramón Martínez, un dos socios fundadores, sobre estes anos de traxectoria e as claves do seu traballo.

Como foron os inicios da empresa?

A empresa comeza o 15 de decembro do ano 1992, este mes estamos de celebración do noso 30 aniversario. Eu sempre tiven a inxenuidade de ter unha empresa. Comecei traballando de técnico no ámbito agrario e forestal no Concello de Foz e tomei a decisión de deixalo e marchar para Lugo dado que o ámbito xeográfico do entorno de Foz facíase pequeno para a creación dunha empresa.

Comecei a dar clase na FP agraria e co paso duns anos, Fernando López e máis eu fixémonos socios e montamos Proyestegal. Nos primeiros momentos compaxinábamos outros traballos co proxecto empresarial, isto retardou o crecemento nos comezos. Os anos noventa foron unha década boa para as empresas do noso sector que nós non desfrutamos tanto debido tamén a que os comezos sempre son lentos para unha empresa de nova formación.

Como foi a evolución da empresa tras os inicios?

A partir da década do 2000 foi cando comezamos a crecer un pouco máis rápido, nese momento eu xa era funcionario en excedencia e xa me podía dedicar integramente á empresa. Dende o ano 2000 ata o 2010 ou 2011 foi unha época boa, onde hou-

bo actividade e conseguimos abrir varias áreas novas.

Nós empezamos no mundo agroforestal porque os dous socios tiñamos formación nese eido e despois dun tempo sentimos moita curiosidade polo mundo da cartografía e da topografía e comezamos a derivar a actividade da empresa cara ese ámbito abrindo novas áreas de traballo como a de expropiación, concentración parcelaria e ordenación do territorio, unha área de cartografía, e un pouco máis adiante unha área de proxectos. Nesa década iniciamos tamén varios proxectos de innovación e desenvolvemento de software para a ordenación do rural, para realizar concentracións parcelarias.

A partir do 2012 ata o 2017 tivemos unha etapa un pouco máis difícil pero a partir do ano 2017 volveu a rexurdir todo e agora mesmo estamos nun momento máis estable cun volume de negocio constante.

Actualmente que área é a que máis volume de traballo aporta a Proyestegal?

Principalmente a área de proxectos. Nós facemos proxectos maioritariamente de ámbito civil, contamos na empresa con varios enxeñeiros de camiños e obras pública e algún topógrafo. Realizamos estes proxectos xeralmente no ámbito municipal, tamén no ámbito provincial das deputacións e no ámbito autonómico da Xunta de Galicia. Temos algún proxecto a nivel nacional pero principalmente traballamos no ámbito xeográfico da comunidade autónoma.

Realizan tamén traballos de investigación, de onde xurden?

O principal sentido destas actividades de innovación é que o noso proceso produtivo interno mellora en rendemento e por tanto en rendibilidade para a empresa. Para levar a cabo estes traballos tamén recibimos axudas en convocatorias autonómicas, nacionais e incluso europeas, axudas parciais de diferentes administracións.

E por outra banda eu estou vinculado á universidade, na escola de Camiños da Universidade da Coruña dentro da área de cartografía e iso tamén axuda. Por un lado a relacionarte con outros investigadores e profesores que se dedican tamén á innovación e por outra banda axúdanos en canto a selección de persoal, porque coñeces aos alumnos e ves quen se pode adaptar ás necesidades da nosa empresa.

Polo tanto a innovación nace por un vínculo coa universidade, polas necesidades propias da empresa e tamén porque nos concederon axudas dende as diferentes administracións para abordar estes proxectos.

Cal é o traballo de innovación que máis utilizan?

O que máis partido interno ten para nós é o desenvolvemento do software de ordenación do territorio, neste caso do territorio rural, para facer concentracións parcelarias. A día de hoxe témosto instalado na administración autonómica de Asturias e tamén na comunidade autónoma de Castilla e León.



En canto a innovación que proxectos teñen de cara ao futuro?

Dende o 2004 levamos traballando no seguimento das axudas aos agricultores da Política Agraria Común, nós somos a entidade na provincia de Lugo, e agora tamén en Ourense, que realiza o seguimento dos expedientes desas solicitudes así como da concesión das axudas. Dende fai tres anos participamos nun proxecto importante de innovación onde estes seguimentos se realizan a través de drons en lugar de acudir de forma física ao terreo coa colaboración da Axencia Galega de Innovación e a AMTEGA. Agora tamén estamos traballando, que non é tanto unha investigación se non máis ben unha innovación aplicada, en implantar toda a redacción de proxectos baixo a metodoloxía BIM. Este sistema xa está no mercado e implantalo sería unha das nosas prioridades máis importantes para non perder competencias.

Cales serían as diferenzas entre o formato BIM e a súa forma actual de traballar?

Á hora de realizar os proxectos o

proceso de redacción e máis custoso, polo tanto o ente que o solicite ten que ser consciente deste incremento, pero á hora de executar, dependendo do tipo de proxecto, está demostrado que se pode aforrar entre un 15 e un 25 por cento do orzamento. Esta metodoloxía de traballo axuda a non ter ningunha dúbida a hora da execución e que sexa máis rápida e precisa. Unha vez finalizado o proxecto queda un historial preparado para o futuro que, de cara ao mantemento, resultará máis doado e económico.

Dos clientes de ámbito privado, que servizos son os máis solicitados?

Principalmente do ámbito da topografía, das valoracións ou informes periciais e tamén algúns proxectos, pero principalmente topografía.

Que define a empresa?

Nós temos un slogan que intentamos, na medida do posible cumprilo, que é *Dicir o que facemos e facer o que dicimos*. Eu creo que iso é unha das cousas que hoxe nos fixo estar aí despois de trinta anos, ter unha credibilidade e un compromiso cos traballos que temos en cada momento en carteira. Traballamos sempre coas mellores ganas e coa máxima profesionalidade que sabemos. A diversificación e a capacidade de innovación creo que tamén nos axudou moito a estar onde estamos hoxe en día. Quería facer unha especial mención a Fernando López López, o meu anterior socio, porque sempre nos entendemos moi ben e iso é unha sorte e tamén unha forma de que a empresa vaia ben.

Van celebrar este 30 aniversario?

Si, a mediados do mes de decembro, o máis próximo á data de constitución, imos realizar un acto conmemorativo a partir das 17.30 con imaxes e recoñecementos a persoas que foron e son importantes na vida de Proyestegal. A continuación, haberá uns petiscos para todos os clientes, colaboradores e empresas da nosa propia competencia.

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA
Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatolóxico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

mybike Lugo

VISITA NUESTRA WEB: www.my-bike.es

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

Volverán esixir responsabilidades pola xestión da Fábrica da Luz

O Concello incoa de novo o procedemento para a esixir responsabilidades pola xestión da Fábrica da Luz tras caducar o primeiro co fin de dotalo de maior seguridade xurídica. A alcaldesa, Lara Méndez, asinaba o decreto para iniciar a súa nova apertura.

A orixe desta circunstancia atópase na xurisprudencia aplicada. Xa que, se ben o expediente se rexeu polo artigo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que establece un período de resolución de 6 meses para este tipo de causas, existe unha sentenza posterior da Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Supremo (número 1366/2021, de 24 de novembro de 2021) segundo a cal, o prazo máximo actual para finalizalas se acouta a tres.

De ser así, o procedemento inicial – que data do mes de maio – se entendería deciduo dende o 28 de agosto,



polo que a Asesoría Xurídica estimou convinte declarar a caducidade do mesmo e iniciar un novo proceso, incorporando todos aqueles actos e trámites realizados no seo do anterior, tanto por parte do instrutor como da secretaria, cuxo nomeamento tamén se mantería.

Cómpre sinalar que se trata dun expediente moi complexo, integrado por miles de folios cuxa extensión condicionou a súa abordaxe con

maior celeridade, pero que foi xa analizado na súa totalidade e redactado o prego de cargos, de maneira que, tras a medida adoptada esta mañá e coa que se persegue dotalo de maiores garantías, só restaría para concluílo, proceder a súa sinatura e á notificación da valoración inicial dos feitos ás partes implicadas para que poidan presentar alegacións, se así o estiman oportuno.

Candia mantén unha xuntaza con mulleres emprendedoras

Elena Candia participou nun encontro, xunto a conselleira de Promoción e Emprego, María Jesús Lorenzana, con mulleres emprendedoras onde se puxeron sobre a mesa as preocupacións e as necesidades de emprendedoras lucenses.

A popular manifestou que é “preciso poñer en marcha unha mesa de diálogo permanente co sector de comercio de proximidade, co fin de coñecer necesidades, problemática e ámbitos de mellora neste sector, que permitan establecer un Plan

de Acción permanente de apoio ao sector, que se fixa como prioritario, dentro do proxecto político do Partido Popular.

A candidata compartiu cunha trintena de mulleres algunhas fórmulas que “contribuirían a desenvolver a actividade empresarial en Lugo” onde coincidiron en que “para iso é necesario mellorar o aparcamento e a accesibilidade en zonas comerciais así como avanzar nos aparcamentos disuasorios; unhas mellores combinacións de autobuses e poñer en

marcha un sistema gratuito de rotación de vehículos”.

Candia tamén destacou a “preocupación das emprendedoras pola necesidade de desbloquear os trámites burocráticos no Concello de Lugo e insistiu en que é preciso esforzarse para mellorar a limpeza e a seguridade das zonas comerciais incrementando a presenza policial”. A popular tamén avogou por “apoiar ás empresas para que aceleren a súa transformación dixital reforzando a súa competitividade”.

O BNG pide na Tinería investimentos da Xunta



O candidato do BNG, Rubén Arroxo, afirmou que “o BNG é o motor de Lugo” na concentración convocada para reclamar investimentos por parte da Xunta. Arroxo explicou que “os anuncios que se viron por parte do Partido Popular nos últimos días demostran que para o PP a tinería non é prioritaria, só se anuncian actuacións cando o BNG mobiliza á veciñanza para reclamar que remate a parálise que este barrio leva anos sufrindo”.

“O 90% dos investimentos do barrio da Tinería executáronse nos anos nos que o BNG tivo responsabilidades de goberno, con máis de 20 millóns de euros investidos no barrio”, afirmou Rubén Arroxo, que engadiu “desde o 2001, os distintos gobernos do PP executaron en 18 anos menos do 10% do total”. “Toda a veciñanza de Lugo pode ver como o barrio da Tinería leva igual desde o 2009, mentres que o BNG conseguiu un recoñecemento da ONU para o proxecto de renovación deste barrio, o PP déixanos un pazo que data de hai máis de 1.000 anos apuntalado”. Arroxo afirmou que “a recuperación da UI-8, na que se ubica o Pazo de Dona Urraca, estaba adjudicada a comezos de 2009”, e engadiu “ao chegar o PP ao goberno galego, renunciaron á execución e tiveron que indemnizar á empresa

adjudicataria das obras”. Arroxo afirmou que “anunciar un convenio 13 anos despois é rirse das e dos lucenses, se o PP seguira investindo na recuperación da Tinería do mesmo xeito que fixo o BNG cando tivo responsabilidades no goberno galego, hoxe este barrio sería un modelo para Lugo”. Arroxo lamentou que “o PP considere positiva hoxe a sinatura dun convenio cando esta zona da cidade podía estar totalmente rehabilitada”.

“Durante os últimos anos, desde o BNG impulsamos emendas aos orzamentos reclamando que se retomara este proxecto”, lembrou Rubén Arroxo, que engadiu “Lugo non pode agardar máis, o barrio da Tinería está chamado a ser unha das zonas máis importantes da cidade, mais vemos como 13 anos despois continúa en ruínas”.

O proxecto impulsado polo BNG desde o goberno galego foi recoñecido do Premio Dubai de Boas Prácticas das Nacións Unidas no ano 2008. Valorouse o proxecto de recuperación do patrimonio por unha iniciativa pública, xunto coa rehabilitación e rehabilitación dun barrio a carón da Muralla de Lugo, porque posibilitaba a recuperación da actividade comercial e social do barrio, a creación de emprego así como o uso dos baixos para o emprendemento.

MARMOLES
VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS *
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 · Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

Regalos originales, regalos especiales, regalos para todos...
visítanos y los encontrarás.

Síguenos en

Prza do Tiel, 15 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Librería **Troll**

Avanzan a reurbanización en Bal y Gay e Rof Carballo



Continúan os avances na obra de reurbanización executada polo goberno de Lugo na rúa Bal y Gay onde o tenente alcalde, Rubén Arroxo, e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas realizaron unha visita. “Trátase dunha rúa que contaba cunha pavimentación de formigón moi desgastada, e con beirarrúas insuficientes, que non garantía a accesibilidade”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “nas vindeiras semanas rematarán os traballos, dando un paso máis na mellora dos espazos públicos de Lugo, gañando zonas para o disfrute das persoas e mellorando a accesibilidade”. Os traballos executados pola concellería de Infraestruturas consistiron na pavimentación da rúa, instalando unha nova capa de rodadura baseada en mestura bituminosa en quente, e garantindo tanto o espazo peonil como o espazo de estacionamento. A nova distribución da rúa fórmase cun carril de circulación, un carril de estacionamento e unha beirarrúa ampla. Para garantir a seguridade das zonas peonil, separouse da cal-

zada habilitando unha nova franxa axardinada.

O Goberno renovou a canalización de alumeado e a rede de alumeado da zona, instalando novas luminarias LED, o que permitirá avanzar na renovación da rede de alumeado público da cidade con perspectiva de xénero e reducindo o consumo total da rede. A actuación foi adxudicada a Ovisa, e suporá un investimento de 181.094,65€.

ROF CARBALLO. O espazo peonil situado entre as rúas Rof Carballo e Vila Verde será renovado porque “este treito sofre un amplo desgaste, o que impide a boa mobilidade e accesibilidade”.

O concelleiro de Infraestruturas explicou que o actual adoquín será substituído por formigón impreso, “mantendo a estética da contorna cun pavimento que non sufrirá tanto desgaste”. Penas anunciou que o adoquín actual será reutilizado pola Brigada Municipal de Vías e Obras “para realizar reparacións”. Renovarase tamén unha canalización de alumeado público e as rexas das escaleiras.

A obra no Carril das Flores súmase á renovación do Camiño Primitivo

Unha nova intervención no Carril das Flores, no treito próximo a San Eufrasio, dá continuidade a renovación que se está a realizar do Camiño Primitivo. O tenente alcalde e responsable de Mobilidade, Rubén Arroxo, visitou xunto con Alexandre Penas, concelleiro de Infraestruturas Urbanas o lugar onde o Goberno, a través da concellería de Infraestruturas Urbanas, está a intervir para mellorar a zona. “Trátase do treito final da rúa, ubicada xunto á rúa San Eufrasio, un dos treitos do Camiño Primitivo ubicados na entrada a Lugo”, explicou Alexandre Penas, que engadiu “esta actuación da continuidade á renovación elaborada en todo o percorrido do camiño primitivo pola cidade, e creará unha área de convivencia veciñal cunha imaxe renovada e máis amable para as persoas”.

O Goberno de Lugo investiu 83.248€ nesta intervención, cuxos traballos



consistiron na instalación dunha nova pavimentación, creando unha nova zona de preferencia peonil e unha zona verde, ademais de renovar a varanda da escaleira, mellorando a imaxe da zona.

“Esta actuación complementase con outras actuacións executadas co obxectivo de mellorar esta zona

da cidade, como a rotonda de San Eufrasio, que acabou cun dos puntos negros máis perigosos da cidade, o plan de calmado de tráfico que se executou na zona da Chanca ou a instalación por parte da área de Cultura dunha serie de lendas sobre este barrio nas rúas”, explicou o concelleiro de Infraestruturas.

Autorizan a remodelación da praza do Carme pero con condicións

A Xunta vén de autorizar o proxecto do Concello de Lugo para a remodelación da praza do Carme e da rúa do Carme, se ben establece algúns condicionantes que tamén apuntou no seu informe o Consello Asesor do Camiño de Santiago.

Así, a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural insta a minimizar todo o posible a pavimentación dura a modo de explanada na praza, recuperando elementos verdes e arboredo, especialmente no entorno inmediato da igrexa. Neste sentido, indica que deberá terse en conta non só a reforma do espazo en si, senón as características ambientais e históricas do conxunto, evitando unha reurbanización por supresión que conleve una modificación substancial do entorno da igrexa e dos espazos libres que a ela están asociados.

Dende o Concello lamentan que “tras seis meses de espera polo pronunciamento do ente autonómico, este chegue con condicións, sobre todo tendo en conta que a memoria técnica xa respectaba as indicacións que avanzara a Xunta no seu día, nun informe previo onde dera autorización ás obras inicialmente previstas e nas que xa se contemplaban – ao igual que noutras intervencións como foi a da Calzada da Ponte – a utilización de materiais e técnicas



coherentes co encadre histórico e o valor patrimonial do ámbito”.

O Goberno municipal incidiu na importancia que esta intervención terá para a “rexeneración da contorna coa que a rexedora, Lara Méndez, pretende ennobrecer os accesos do Camiño Primitivo coa Muralla a través dunha plataforma única na que se integrarán a rúa, a praza, a Capela do Carme e o Museo co propósito de revalorizar a zona e incentivar ás e aos propietarios a rehabilitar os edificios”.

O Concello sinala tamén a necesidade de adxudicar canto antes a contratación dos traballos que se sufragarán con financiamento europeo “o que esixe a maior das dilixencias e axustarse aos prazos previstos para non perder os fondos concedidos,

de aí o noso chamamento ao organismo autonómico en outubro para que non adiaje máis a súa resolución”.

As actuacións realizarase baixo un control arqueolóxico continuo e a pé de obra, para establecer as medidas oportunas que permitan a conservación ou a documentación, de ser o caso, das evidencias ou elementos de interese arqueolóxico que poidan aparecer.

A zona obxecto de intervención sitúase no territorio histórico do Camiño Primitivo e contigua á Muralla, ambos elementos declarados Patrimonio da Humanidade; ademais, trátase dunha área de protección arqueolóxica e hai outros elementos protexidos como a igrexa do Carme.

HERBÓN DESGUACES
Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

Lugo Monumental propón un Plan de escavacións no casco

A asociación Lugo Monumental propón ao Concello e á Xunta “levar a cabo un Plan de Escavacións do Centro histórico de Lugo, unha proposta tan sinxela como efectiva para impulsar a rehabilitación da zona”. Dende a asociación plantexan “adiantar as escavacións e realízalas xa en todos os solares e nos locais que os propietarios poñan a disposición, de forma que poidan planificar o futuro desas parcelas sabendo os restos que poidan ter”. E para levar a cabo este proxecto dende Lugo Monumental “proponse executar a partida orzamentaria que o PEPRI recolle desde os anos noventa de 1,2 millóns de euros, e que nunca se

executou. Hoxe, co IPC acumulado desde a aprobación daquela norma, supoñerían máis de 2,1 millóns de euros”. Segundo a asociación un dos problemas máis graves do Centro histórico á hora de rehabilitar un edificio ou construír nunha parcela é “o probable perigo, entendido desde o punto de vista do investimento a realizar, de atopar restos arqueolóxicos, xa que a escavación corre a cargo do promotor pero o que poida aparecer é propiedade da administración”. Lugo Monumental está “a favor da escavación, estudo e conservación do noso patrimonio, pero tamén de buscar solucións para os propieta-

rios que hoxe día non se atreven a rehabilitar os seus inmobles xa que corren un serio risco de ruína económica. Por poñer un exemplo, a Universidade tivo que gastar varios millóns de euros e modificar o seu proxecto inicial ao aparecer a Domus do Mitreo, un gran ben cultural para Lugo pero que supoñería a ruína para calquera particular que se atopase cunha situación semellante”. O Plan de Escavacións do Centro histórico de Lugo que propoñen consiste “en ofrecer a todos os propietarios que o desexen a realización dunha escavación arqueolóxica nos locais baleiros e os solares que poñan a disposición deste proxecto”.



ESTACIÓN DE AUTOBÚS. A dársena da estación de autobuses de Lugo está a recibir obras de mellora a cargo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade por un valor de 47.600 euros. Estes traballos están orientados a mellorar a estética e a funcionalidade deste espazo. As obras consistiron no pintado tanto a fachada como dos portalóns de acceso á estación, mantendo a cor actual, a instalación de novos bancos, en disposición continua ao longo da fachada, elaborados con madeira de orixe local, cunha estrutura sinxela e unha imaxe global neutra e unificada; e incluíranse plantas ornamentais. Igualmente, acometeranse algunhas reformas e reparacións.

Avanza a peonalización na rúa Camiño Real

Avanzan os traballos de peonalización na rúa Camiño Real, no treito comprendido entre a rúa Concepción Arenal e a Ronda da Muralla. Rubén Arroso visitou, xunto con Alexandre Penas, o lugar e afirmou que “este treito será a rúa Bispo Aguirre da zona norte da Muralla, recuperando espazos útiles para as persoas”. Os edís mantiveron unha xuntanza con persoal técnico da Concellería de Infraestruturas e da empresa que está a realizar os traballos na que coordinaron os traballos a executar ata final do Nadal. Durante a xuntanza, contouse coas achegas de veciños e comerciantes da zona, que destacaron o bo funcionamento e a ordenación que se está a seguir durante o desenvolvemento dos

traballos. A Concellería de Infraestruturas e a empresa responsable dos traballos facilitarán o acceso peonil á totalidade da vía ata o final do nadal. Os traballos paralizaranse en decembro, entre os días 3 e 11 e do 23 ao 8 de xaneiro, datas nas que por convenio non se desenvolven traballos no sector da construción. O resto de días laborables, os traballos realizaranse na mesma beirarrúa na que se está a traballar agora, permitindo o tránsito peonil pola totalidade da vía. “Hoxe puidemos comprobar como este treito conta cun gran tránsito peonil, e durante o nadal toda a veciñanza de Lugo poderá camiñar por esta zona con normalidade”, afirmou o Tenente



Alcalde. O Goberno de Lugo inviste 279.432,31€ nesta intervención, que ten un prazo de execución de 6 meses. Arroso anunciou que “os traballos estanse a executar ao ritmo planificado para que na primavera todas as veciñas e veciños de Lugo poidamos desfrutar dun novo treito peonil na contorna da Muralla”. A nova zona peonil manterá o acceso rodado para as e os re-

sidentes, e o tráfico procedente da rúa Camiño Real desviarase, percorrendo a rúa Concepción Arenal e incorporándose de novo á Ronda da Muralla a través da rúa das Anduriñas. Este treito terá un mellor acondicionamento ambiental, dado que se instalarán novas verdes con árbores e arbustos. O mobiliario urbano tamén se renovará, instalando bancos con respaldo, ademais de papeleiras e fontes.

O PP di que a empresa contratada para avarías de auga non soluciona as roturas

O PP critica que “unha nova rotura nunha tubería de auga deixou patente a ineficacia da solución para poñer coto a este problema no horario que non están traballando os operarios municipais, de 20.00 a 08.00 horas e en fin de semana e festivos”. Segundo o grupo municipal “houbo unha rotura nunha tubería de auga na Avenida dos Deportes. Os veciños chamaron á empresa responsable (sobre as 20.00 horas) sen que ningún operario aparecera no lugar ata as 01.30 horas. Unha vez no lugar, os operarios da empresa non souberon solucionar a incidencia nin cortar a auga, polo que tiveron que ser os operarios municipais os que a primeira horado día seguinte cortasen a auga e se puxesen a traballar para solucionar o problema”.





TOSHIBA



Medinformática
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

SOLUCIONES DE IMPRESIÓN A LA MEDIDA DE TUS NECESIDADES

Rescindido o contrato coa empresa das obras no grupo La Paz

Dende o Concello iniciouse o procedemento para rescindir o contrato á empresa adxudicatária das obras de renovación das redes de abastecemento e saneamento no grupo La Paz, ante os continuados incumprimentos do mesmo.

Trala celebración da Xunta de Goberno, onde se autorizou a medida, o tenente de alcaldesa e portavoz municipal, Miguel Fernández, explicou que, segundo os informes que figuran no expediente, Proyeccon Galicia S.A foi interpelada en numerosas ocasións pola Administración local para que corrixira diversas deficiencias que se observaban na execución dos traballos, sen que en ningún caso houbera actuado para emendalas.

“Xa para empezar, non iniciou a obra até agosto, tres meses despois de formalizar a acta de comprobación, cando ese prazo debe-

ría ser ao día seguinte da sinatura, que tivo lugar o 6 de maio. Isto condicionou xa, de forma permanente, os tempos da actuación, que sempre foron precarios e que nunca chegaron a reconducirse a pesar dos persistentes requirimentos que lle trasladaba a Dirección Facultativa. Lonxe de incrementar os equipos, o contratista non mellorou tampouco o ritmo da única brigada que destinou ao efecto, nin a calidade dos materiais empregados se axustaba ao especificado nos pregos, pese a advertirlos en varias ocasións”, sinalou o concelleiro de Medio Ambiente.

Así, Miguel Fernández cuantificou que, tres meses despois de iniciarse a intervención, a empresa só executou o 6,53% do importe total previsto, é dicir, 33.595 euros dos 514.110 € nos que foi adxudicado o proxecto.

Veciños da zona denuncian a mala iluminación en San Roque

A Asociación de Veciños Roque Santo denuncia “o lamentable estado da iluminación pública da rúa San Roque, que une a avenida de Madrid coa Rolda da Muralla”.

Desde a asociación declaran que “a escasa potencia que teñen os farois que iluminan dita rúa, provocan unha sensación de inseguridade aos habitantes da zona, xa que a iluminación está obsoleta e é ineficiente desde o punto de vista enerxético”. Por estes mo-

tivos piden “a renovación da iluminación pública con luminarias modernas, de alta potencia, pero baixo consumo e respectuosas co Medio Ambiente.

Solicitan á concellería de Infraestruturas do Concello de Lugo que “proceda á súa remodelación con carácter urxente, dada a importancia que supón na vida diaria de miles de persoas e cambie os farois actuais que dan unha luz amarela que apenas ilumina a rúa.

A Deputación cede á USC terreos para facer unha nova facultade

A Deputación de Lugo realiza unha cesión gratuíta á Universidade dos terreos necesarios para construír no Campus Terra a nova Facultade de Formación do Profesorado. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co reitor da USC, Antonio López esta cesión.

O acto tivo lugar no aparcamento da Facultade de Humanidades, xusto ao pé da parcela de 7.500 metros cadrados que servirá para a construción destas novas instalacións educativas; e participaron tamén a deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto; o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón; e o vicerreitor de Organización Académica do Campus Terra, Francisco Fraga.

“Abrimos un novo capítulo na historia do Campus de Lugo, e tamén na historia da provincia”, sinalou o presidente, que destacou que a institución provincial cede este espazo no convencemento de que “a ampliación e a mellora dos equipamentos destinados á educación pública repercuten, sempre, nun novo impulso do desenvolvemento social e económico do noso territorio e do conxunto de Galicia”.

Tomé Roca puxo en valor que con este acordo, a Deputación e a Universidade de Santiago de Compostela “marcamos un novo fito na nosa extraordinaria relación de colaboración, sempre guiada por criterios de utilidade e de servizo público”. Neste sentido, o mandatario provincial lembrou que a Deputación de Lugo é a institución provincial de toda España



que aporta máis recursos económicos á Universidade pública, aínda que o apoio “vai moito máis alá” porque “tratamos de estar sempre cando a Universidade nos necesita”.

Enumerou o presidente os diferentes proxectos impulsados de forma conxunta pola Deputación e a USC, como a Granxa Experimental de Leite das instalacións provinciais da Granxa Gayoso Castro, “o único centro destas características no que está implicada unha Universidade en España”, o Life in Common Land, un proxecto europeo para o aproveitamento sostible da Serra do Xistral; ou o acordo para que o alumnado de calquera facultade poida facer prácticas na institución provincial.

O presidente valorou que “as mellores sociedades, as máis intelixentes, constrúen o seu futuro da man da Universidade e do profesorado, dándolle medios materiais e recoñecendo o seu labor”, e lamentou que “na nosa provincia vemos a miúdo como se pechan escolas, como se reduce o profesorado ou como se recortan especialidades educativas no rural”.

A concesión demanial gratuíta ata o ano 2058 destes terreos que conforman 16 parcelas cunha superficie total de case 7.500 metros cadrados a favor da USC para ampliar o Campus Terra se enmarcan na renovación da cesión por parte da institución provincial doutras 8 parcelas cunha superficie conxunta de 200.570 metros cadrados, que ocupan facultades, centros de investigación e outros servizos educativos do Campus.

Pola súa banda, o reitor explicou que este novo proxecto forma parte do Plan de Infraestruturas da Universidade. “Era convinte buscar unha nova situación para a Facultade de Formación do Profesorado porque no espazo no que está, que é un espazo moi céntrico da cidade, non había unha solución axeitada ás súas necesidades”, sinalou Antonio López. Segundo anunciou, a parcela servirá para “construír aquí un espazo para a educación física ligada á Facultade de Formación do Profesorado, pero un espazo tamén para toda a comunidade universitaria e de toda a cidade”.

O PP propón o uso de parcelas da Residencia como aparcadoiros

O Partido Popular propón ao goberno local “que realice convenios con particulares para habilitar, en solares privados, novos aparcadoiros disuasorios que darían unha alternativa aos condutores que buscan prazas libres no barrio da Residencia”. Os populares aseguran que “deste xeito se compensaría e se daría unha solución real á perda de prazas para aparcarse por mor do trazado do carril bici que implantou o goberno do PSOE-BNG nesta zona e que suprimiu centos de prazas”.

“O que pedimos é que se negocie cos propietarios de fincas sen edificar na Residencia para que as cedan de forma temporal. O concello tería que asumir a limpeza e o mantemento destas novas zonas e se podería estudar exencións e



bonificacións para os propietarios das fincas”. Dende o PP indican que tamén “se podería estudar a posibilidade de alugar ou adquirir os terreos”.

Entre as ubicacións posibles para

instalar estes aparcamentos disuasorios están dúas bolsas de solo sen edificar: “unha finca que está a man esquerda subindo pola Rúa Pomar que daba servizo á Parrillada Antonio; tamén hai outros solares no entorno da rúa Orquídea que poderían ser outra alternativa para facilitar o aparcamento na zona”.

Os populares insisten na necesidade de habilitar novas zonas de aparcamentos públicos gratuitos na zona diante do incremento de tráfico que se prevé coa apertura dos novos servizos do Centro Integral de Saúde e insisten en que “para mellorar a mobilidade do barrio é preciso estudar un cambio do trazado do carril bici que tanto está a perxudicar á veciñanza como ao comercio do barrio”

BEMER

Recorta este anuncio, pide tu cita y disfruta de ¡10 sesiones GRATIS!

Últimamente podemos ver a diario en la prensa el titular: **“HAY UN ESTUDIO QUE DICE...”**

En BEMER tenemos más de 50 estudios científicos que hablan de la terapia físico vascular y sus beneficios en la salud del cuerpo humano.

PRUEBALA EN

Verxel

HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es www.verxel.es

O pazo de Dona Urraca súmase aos novos proxectos de rehabilitación

A Xunta de Galicia deu o seu visto bo ao convenio co Concello de Lugo para a recuperación e posta en valor do pazo de Dona Urraca e a mellora do seu contorno mediante a ordenación da Unidade de Intervención 8 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do caso histórico de Lugo. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou que “o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) estudou e acepta o borrador remitido polo Goberno local o pasado 21 de outubro”. Neste sentido, lembra que “a primeira versión do convenio foi enviada polo IGVS ao Concello o pasado mes de febreiro, e a resposta municipal chegou hai pouco máis de dúas semanas, en vésperas da reunión da alcaldesa co presidente da Xunta, Alfonso Rueda, incluíndo algunhas modificacións puntuais”.

O órgano autonómico, que depende da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, “valorou a proposta con axilidade e coa mellor disposición, dado que consideramos que o proxecto xa acumulou suficiente demora durante estes oito meses”, afirmou o delegado. Ao respecto, solicita que o Concello inicie canto antes os trámites oportunos para proceder á aprobación definitiva e á sinatura do convenio.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tamén vén de adjudicar o contrato de redacción do proxecto e dirección de obra para rehabilitar os inmobles situados nos números 18 e 22 da rúa



Catedral, no barrio lucense da Tinería, actuación á que destina un investimento de 28.500 euros.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou que o prazo para presentar o proxecto é de tres meses. Unha vez aprobado o deseño, procederase a licitar as obras, para as que se estima unha duración aproximada dun ano. Os edificios pasarán a formar parte do parque de vivendas de promoción pública que xestiona na cidade o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), organismo que investiu 84.117 euros na compra destas dúas casas.

“Seguimos dando pasos na rexeneración urbana e a revitalización do casco antigo, atraendo poboación e servizos ao barrio”, apuntou Arias. Neste sentido, insistiu en que “o compromiso da Xunta coa Tinería é firme e demóstrase na acción continuada que desenvolvemos, nos distintos proxectos en marcha, que refutan calquera intento de ocultación por moito que se empeñen algúns en negalos”.

Os edificios da rúa Catedral foron adquiridos pola Consellería na oferta de compra lanzada ao abeiro do programa Rexurbe, mediante o que pasaron a mans públicas inmobles que estaban abandonados ou en estado de semiabandono en cascos históricos de diversas vilas e cidades galegas. Tal é o caso destas antigas vivendas, xa que nunha delas apenas queda en pé a primeira planta e a outra só conta coa estrutura exterior, tamén moi deteriorada.

BNG. O candidato do BNG, Rubén Arroxo, calificou de “falta de respecto ás veciñas e veciños de Lugo” o anuncio feito pola Xunta de Galicia sobre o convenio da recuperación do Pazo de Dona Urraca, no barrio da Tinería. Arroxo afirmou que “a recuperación da UI-8, na que se ubica o Pazo de Dona Urraca, estaba adxudicada a comezos de 2009”, e engadiu “ao chegar o PP ao goberno galego, renunciaron á execución e tiveron que indemnizar á empresa adxudicataria das obras”.

Ciudadanos propón ao Concello dotar de aseos o Anexo do Pazo

O concelleiro de Ciudadanos Juan Vidal-Pardo insta ao Goberno a “levar a cabo as xestións necesarias para que a contorna das Pedreiras conte coa seguridade viaria acorde a unha zona de uso masivo e insta a equipar o Anexo con aseos”.

“A rúa Filarmónica Lucense atópase nun estado deplorable. Trátase dun espazo deteriorado no que se evidencian anos de abandono. Carece das máis mínima medida de seguridade, os pasos de peóns está borrados, o firme deteriorado e a iluminación é deficiente. Non podemos obviar que se trata dunha vía moi concorrida na que continuamente existe unha trasfega de usuarios das instalacións deportivas e na que se rexistra



unha afluencia moi alta de menores cuxa seguridade viaria está altamente comprometida” sinalou o edil da formación laranxa.

“O deterioro deste espazo deportivo complétase coa ausencia de baños no pavillón anexo ao Pazo que

ademais ten numerosas pingueiras. É intolerable que os centos de menores e adultos que cada semana desenvolven aquí a súa actividade deportiva estean a recorrer á Carballreira contigua para facer as súas necesidades”, sinalou o edil.

Instalan catro marquesiñas novas para o bus urbano

O Goberno de Lugo vén de adquirir novas marquesiñas para o bus urbano así o anunciou o tenente Alcalde e concelleiro de Mobilidade, Rubén Arroxo. Explicou que “continuamos a mellorar o servizo de transporte público, atendendo ás solicitudes que nos chegaron reclamando novas marquesiñas en distintas zonas”.

O Goberno de Lugo adquiriu 4 novas marquesiñas, que supuxeron un investimento de 6.540,98€. As novas marquesiñas instaláranse nas paradas situadas nas rúas Industria e A, nos polígonos do Ceao e das Gándaras, ademais de instalarse tamén en Xosé Castiñeira, fronte ao conservatorio e na estrada nova de Santiago.

“Continuamos a traballar na me-



llora e ampliación do mobiliario urbano, escoitando as solicitudes da veciñanza e traballando para mellorar a imaxe da cidade”, afirmou Rubén Arroxo, que engadiu “continuamos avanzando de cara a unha mobilidade máis ecolóxica na que a xente aposte polo transporte urbano no canto de usar o vehículo privado”.

Candia busca impulsar a construción dunha nova Comisaría da Policía Nacional

Elena Candia mantivo unha reunión coa directiva da Asociación de Veciños da Residencia e cos sindicatos da policía nacional onde manifestou “o seu apoio a impulsar a construción da Comisaría da Policía Nacional”. A alcaldable explicou que “o primeiro paso para avanzar nesta dotación é ter fondos e concretalo con nome e apelidos nos orzamentos do Estado para o vindeiro exercicio”. Nese senso, Candia solicita a Lara Méndez “unha implicación real” lembrándolle que “ten nas súas mans a posibilidade de traballar para conseguir dos seus en Madrid un compromiso político que se reflecta nos orzamentos”. Elena Candia xa avanzaba que

“o PP presentará unha emenda para dar un pulo e avanzar neste proxecto reclamando o apoio dos socialistas”. A segunda liña de traballo “depende unicamente da alcaldía” subliñaba a alcaldable do PP xa que “é preciso ofertar terreos municipais ao Ministerio, a ser posible no entorno do barrio da residencia, para construír a nova Comisaría da Policía Nacional de Lugo”.

A popular lembra que “existe un acordo unánime do pleno do Concello de Lugo no que se consensuou, por parte de todas as forzas políticas, facilitar ao Ministerio os terreos precisos para levar a cabo esta dotación”.

RAXERIA LAXA

TEMPORADA DE CAZA

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO. LUGO - TEL.: 982 216 536
www.raxeriaalaxa.com

Invístense 6,1 millóns de euros no tramo ferroviario Monforte de Lemos-Lugo

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, destaca que o Goberno “refrenda a súa aposta pola provincia de Lugo cos novos investimentos que pon en marcha dirixidos a mellorar as infraestruturas ferroviarias”.

Isabel Rodríguez manifestou que vén de facerse pública a formalización dos contratos das obras de cerramentos de protección en zonas urbanas e pasos do tramo Monforte de Lemos – Lugo (liña León – A Coruña), que contan cun investimento de 6,1 millóns de euros do Adif. Os traballos foron adjudicados á UTE integrada polas empresas Oreco Balgón e Construcións, Instalación e Tracción.

Isabel Rodríguez sinala que ditas actuacións “enmárcanse no conxunto de melloras planificadas polo Goberno para o corredor ferroviario Ourense – Monforte – Lugo cun investimento de 546 millóns de euros para mellorar a fiabilidade, o confort e os tempos de viaxe, así como para adaptala aos parámetros de altas prestacións. Cos sistemas de protección da infraestrutura, ademais, disúndese e evítanse tránsitos indebidos polas vías”.

As obras, ó longo de máis de 29.000 metros deste tramo ferroviario, consistirán na instalación de dous tipos de cerramento en función da zona de actuación: cerramento montado sobre un bastidor con montantes encastrados en murete de formigón armado e malla metálica progresiva ou cinxética, con reforzo para a fauna existente.

O Concello adxudica obras de reparación no Auditorio de Magoi

O Concello de Lugo adxudicou o contrato para reparar as patoloxías estruturais exteriores e tamén interiores do novo Auditorio a Montajes Metálicos Ingalux, que deberán rematar nun prazo de 4 meses. Teñen un importe de 287.955 euros.

Unha cantidade que a Administración local reclamará posteriormente á Xunta como responsable inicial do deterioro da edificación, unha circunstancia que está a impedir a súa apertura en condicións de seguridade para a cidadanía.

A este respecto, o Executivo local, lembrou que xa durante o acto de recepción, o Concello intentou entregar ao ente autónomo os informes dos técnicos municipais onde xa daban conta dalgúns dos fallos advertidos nas dúas únicas visitas que lles deixaron realizar previamente e sen que, en ningunha desas ocasións, puidesen probar o funcionamento dos equipamentos. Documentos que non quixo recibir pero que se lle fixeron chegar igualmente facéndoos coñecedores da situación.

O Concello iniciou un proceso de avaliación das condicións nas que se atopaba a infraestrutura co fin de que a súa apertura non supuxera ningún risco para as persoas usuarias e traballadoras, ao tempo que puxo a punto as

instalacións eléctricas, de climatización, ascensores, sistemas de seguridade contra incendios, intrusión ou ventilación.

Logo dos estudos realizados, nos que se cuantificaron máis de 200 danos, determinouse a necesidade de subsanar todas estas eivas para evitar, que nun futuro, as lesións das que adoece incrementaran a envergadura das reparacións. O contrato que se adjudicará esta semana permitirá amañar os múltiples danos ocasionados pola humidade que están a afectar ás cubertas, fachadas, estruturas, carpintería, revestimentos interiores e pavimentos, etc.

As actuacións comprenden a impermeabilización dos respiratorios e o desatasco dos sumidoiros, canlóns e baixantes. Así mesmo, se atallará a corrosión derivada das eivas que presentan as xuntas de dilatación e se arranxarán as comportas de saídas de fumes que provocan goteiras nos escenarios, entre outras intervencións.

Mentres, o Concello deixará para unha segunda fase os traballos correspondentes á urbanización exterior do Auditorio, dentro dos que se inclúen máis aló do axardinamento da parcela – que xa estaba previsto – a modificación dos accesos para mellorar a accesibilidade ao inmoble.

Avanza a renovación dos bancos da zona urbana

Dende a concellería de Infraestruturas Urbanas están a traballar na renovación dos bancos de toda a zona urbana. Rubén Arroxo explicou que “comezamos cunha intervención que mellorará enormemente a imaxe da cidade e garantirá que as veciñas e veciños poidan desfrutar dunhas instalacións públicas de calidade, unha intervención que ademais supón un custo moi baixo para o concello”.

Os traballos comezaron na zona centro da cidade, e expandiránse nos vindeiros días ao resto da zona urbana. En total actuarase en 106 bancos, nos que se realizarán traballos de lixado e preparación de listóns

para aplicar aplicar un novo produto protector para a madeira, o que permitirá unha boa durabilidade da actuación realizada.

“Esta actuación complementa ao traballo realizado pola brigada municipal de vías e obras, que realiza unha importante labor de reparación nas distintas infraestruturas do concello e no mantemento da cidade”, lembrou o Tenente Alcalde, que puxo en valor o traballo da Brigada, “moitas veces trátanse de pequenos arranxos, que a brigada municipal de obras trata de resolver no menor tempo posíbel para garantir o bo estado da cidade”, afirmou Rubén Arroxo.



REAFIRMADO. Dende o Goberno de Lugo, a través da concellería de Infraestruturas Urbanas, están a traballar na renovación do asfalto da avenida García Portela e da rotonda da praza de Avilés, así o anunciou o tenente alcalde, Rubén Arroxo. Arroxo explicou que “esta zona acolle unha gran cantidade de tráfico e contaba cun asfalto moi deteriorado”. O tenente alcalde anunciou que “unha vez completada esta actuación, a veciñanza que reside e traballa por esta zona poderá desfrutar dunha rúa totalmente renovada”. Os traballos que se están a executar nesta zona consisten na renovación da banda de rodadura aplicando mestura asfáltica en quente, o que asegurará un selado do firme ante a acción da auga superficial, e garantirá unha duración prolongada da actuación.

O PP reúnese coas familias da escola infantil Gregorio Sanz



O PP pide ao Concello que “arranxe os problemas da Gardería Municipal Gregorio Sanz xa que cando chove a caldeiros hai goteiras e filtracións en corredores e nalgunha aula”. Para a popular “o goberno local debe solucionar os problemas que hai nesta gardería municipal e deixarse de parches que non impiden que cada vez que chova se inunde o centro”. O pasado 15 de

xullo o PP xa denunciou problemas de climatización neste edificio pedindo que “se aproveitase o verán para buscar solucións, pero sorprendentemente pese ao peche non se fixeron obras de mantemento”. “Resulta indecente a solución que lles deron que foi a entrega de dous ventiladores para cando vai calor, e 2 calefactores verticais para o frío”, din.

A regularización das vivendas do barrio da Croa está na recta final

O procedemento para entregar ás familias que ocupan as 15 vivendas da Croa as escrituras das mesmas segue o seu curso segundo o previsto.

O tenente de alcaldesa e portavoz municipal, Miguel Fernández, explicaba no seo da Comisión de Sostibilidade Urbana que, toda vez que varias edificacións deshabitadas que ocupaban os terreos foron xa demolidas e que se elaborou o proxecto de reparcelamento dos predios, “os servizos municipais implicados están a verificar nestes momentos que a reurbanización que se levou a cabo na zona se adecúa ás condicións esixibles, tras o cal procederase á inscrición das parcelas resultantes no Rexistro da Propiedade”.



“Será entón cando, xa sendo propiedade do Concello a todos os efectos poidan ser obxecto de transmisión aos seus titulares definitivos”, sinalou o concelleiro. Fernández recordou que a Administración local realizou no último ano un investimento de 36.728

euros para eliminar unhas pequenas construcións sen uso e crear unha zona libre dunha extensión aproximada de 1.900 m², entre áreas verdes e dotacionais que mellorarán a contorna e propiciarán o seu uso por parte da cidadanía.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

San Pedro de Mera

A parroquia, sita no Camiño Primitivo, contaba cun hospital de peregrinos de gran importancia

San Pedro de Mera é unha das parroquias que conforman o municipio de Lugo e que conta con seis núcleos de poboación Crecente, Chousa, Hospital, Remesar, San Pedro de Abaixo e San Pedro de Arriba. A parroquia conta cun total de 64 habitantes sendo Crecente e Hospital os seus núcleos máis poboados.

Sita na etapa do Camiño Primitivo que vai dende Lugo ata San Román de Retorta San Pedro de Mera foi un punto importante nesta ruta de peregrinación que contaba cun hospital de peregrinos de gran importancia, así queda recollido na referencia que en moitos documentos da época se fai da parroquia a través do nome de Hospital-San Pedro de Mera. Esta forte vinculación co Camiño de Santiago aparece reflexada tamén na súa toponimia e na actualidade unha das aldeas mais grandes recibe o nome de Hospital.

A parroquia conta cunha igrexa da que xa hai referencia no século XI pero que na actualidade é na súa maioría resultado das obras barrocas dos séculos XVIII e XIX, cun

estilo sinxelo e típico do rural galego. Conta cunha nave rectangular con portas alinteladas na fachada principal e no lateral dereito e a sacristía anexada ao lateral esquerdo. A capela maior é rectangular cun arco de medio punto e garda esculturas de San Pedro, Inmaculada, San Silvestre e Santa Lucía que datan entre os séculos XVIII e XIX. San Pedro de Mera agochou ata 1995 un gran segredo. Dunha época anterior ao nacemento do Camiño de Santiago, cando Lugo aínda era Lucus Augusti, é o achado arqueolóxico aparecido en Crecente a mediados da década dos noventa. Durante a realización dunhas obras de canalización na parroquia apareceu unha estela funeraria conservada na súa totalidade.

A peza está labrada en granito fino de tipo placa e conta cunha cabeceira semicircular e unha altura total de dous metros e oitenta centímetros. Na parte superior semicircular aparece un retrato familiar de medio corpo composto por catro personaxes que visten túnicas longas cunha toga ou pano



cruzado sobre o ombreiro dereito. O sector central da peza conta cunha inscrición en Latín no que aparece o epígrafe funerario organizado en seis liñas que di o seguinte Apana, filla de Ambolo, de pobo dos Célticos Supertamáricos (por encima do río Tambre, da parentela (ou do castelo) de Miobri. Morta aos 25 anos. Aquí está enterrada. Apano, o seu irmán, mandou erixir este dedicatoria.

Este achado arqueolóxico constitúe un elemento histórico único dos primeiros momentos da ocupación poboacional da contorna de Lucus Augusti que está datada do século I d.C. Supón ademais un magnífico retrato dunha familia galaica ao completo que actualmente se pode visitar no Museo Provincial de Lugo.



zona rural

Finalizadas as obras dunha vía municipal na parroquia de Prógalo

Finalizan as obras dunha vía municipal na parroquia de Prógalo, segundo anunciou o tenente de alcaldesa e concelleiro de Medio Rural, Miguel Fernández que contaron cun orzamento de 60.000 euros.

Unha actuación que mellora a seguridade viaria nas redes de acceso a esta parroquia. Fernández explicou que “os traballos que se levaron a cabo consistiron na limpeza de cunetas, na rehabilitación do firme con aglomerado en quente e na renovación da sinalización horizontal e vertical”.

O edil destacou a importancia desta

obra, “que desenvolvemos despois de escoitar as necesidades que nos traslada a veciñanza da zona despois de levar a cabo, recentemente, o arranxo da estrada municipal da LU-P-2903 nesta parroquia, melloras que non só beneficiarán ás persoas residentes na mesma senón que reverterán no conxunto do tráfico rodado que circula pola zona”, concluíu.

CALDE E O BURGO. O tenente de alcaldesa e edil de Medio Rural, Miguel Fernández, supervisou a realización das obras de mantemento e mellora

dun camiño entre as parroquias de Calde e O Burgo, “unha actuación incluída no acondicionamento dos viarios que se atopan deteriorados debido á súa antigüidade, ao seu uso e ás inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo”.

A execución consistiu na limpeza previa de cunetas e taxas co fin de restablecer a drenaxe e facilitar a evacuación da auga para que non ocasionen danos sobre a pista unha vez reparada, a rexeneración do firme e a cobertura cunha capa de rodadura en quente e a correspondente sinalización.



Esta obra enmárcase no Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal financiado por AGADER a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, e conta cun orzamento de adxudicación de 95.560 euros.

A actuación súmase ás obras realizadas nas parroquias de Santiago

de Súa, O Burgo e Bascuas, financiadas a través deste mesmo programa, ademais das incluídas no Plan Único do 2021 nas parroquias de Camoira, Tirimol, Pedreda, Santo André de Castro, San Mamede dos Anxos, Calde, San Pedro de Mera, Vilachá de Mera, Prógalo, Poutomillos e Coeses.

AO NOSO CARÓN

castroverde

O BNG pide licitar de novo o servizo de recollida de lixo



O BNG pide “unha nova licitación que poña estabilidade e asegure a calidade do servizo de recollida do lixo no concello”. Por isto, tamén propón “o impulso dun punto limpo onde a veciñanza poida desfacerse do seus refugallos de forma segura”.

Iria Castro, concelleira do BNG en Castroverde, explicou “levamos moito tempo cun servizo de recollida do lixo deficiente por mor da inoperancia do goberno municipal, tivemos o lixo nas nosas portas moito tempo sen recoller e o caso máis relevante é o descontrol que

está ao pé do campo de fútbol” Neste última cuestión, a concelleira destacou que “este descontrol presúmese que conta coa autorización do goberno municipal, o que é unha verdadeira barbaridade que se contamine e dé unha imaxe indelicada do noso concello” De igual xeito, Iria Castro subliñou “é indecente que non teñamos un servizo xa definido, mais o realmente sangrante e que se subira a taxa de basuras á veciñanza cun servizo que salta á vista que é deficiente, feito que o BNG xa denunciou en tres ocasións ante o Pleno”.

Os populares propoñen un servizo para varrer as rúas

O portavoz popular Rubén Otero reclama “a creación dun servizo de varrido de rúas, que inclúa o balde de frecuente de calzadas e beirarrúas”.

Dende o PP din que “con frecuencia son os propios veciños os que se encargan de varrer as beirarrúas diante dos portais dos seus edificios ou dos seus negocios. É máis, nalgún caso proceden a facer labores de baldeo con aparatos de auga a presión, á vista da sucidade que presenta o pavimento”. Otero sinala: “O goberno local ten que demostrar un mínimo de sensibilidade para manter nas debidas condicións á vila de Castroverde. E unha parte fundamental é a limpeza viaria, que non se está a facer máis que moi ocasionalmente. Xa é hora de que en Castroverde haxa algún varredor ou varredora”.

Os populares indican que de cara ao orzamento do próximo ano, o Concello debe prever xa a creación do servizo para varrer as rúas da vila. Otero sinala: “Se está vinculado á recollida de lixo, estará ben; se é unha prestación aparte, tamén pode ser. O caso é que todos os días se varran algunhas rúas da vila, porque é a única maneira de que estean limpas, como deben estar”.

Crean un nova zona de concentración parcelaria

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica hoxe un decreto da Consellería do Medio Rural polo que declaran de utilidade pública unha nova zona de concentración parcelaria no concello de Castroverde.

Así, este novo decreto de concentración parcelaria declárase mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción.

Precisamente, este proceso foi solicitado por titulares de explotacións e apoiados polo Concello. En Riomol, hai 31 explotacións de aí a necesidade de reorganizar o territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona. A través deste proceso vaise mellorar a estrutura territorial da zona que afectará a unha superficie total 494 hectáreas, repartidas en 1.192 parcelas propiedade de 143 veciños.

Espasante celebra o 10 as súas festas

A parroquia de Espasante, en Castroverde, celebra o próximo sábado 10 de decembro as súas festas na honra a Santa Lucía. As celebracións darán comezo ás 13.30 cunha misa solemne para continuar cunha sesión vermú amenizada polo Dúo Epo.k.

Á noite, a verbena dará comezo ás 23.30 e correrá a cargo do Dúo Epo.k e Coco Music acompañado do Dj Adolfo Valiño.



O Goberno local convoca dous concursos para este Nadal

O Concello de Castroverde organiza un concurso de postais de Nadal no que poderán participar todos os nenos e nenas de entre 3 e 14 anos que sexan alumnos do CPI de Castroverde.

O concurso conta con 11 categorías, unha por cada curso escolar e os deseños presentados poderán realizarse a man en papel ou cartolina cun tamaño máximo dun A4.

A data límite para a presentación dos traballos é o 16 de decembro e será necesario que a parte de atrás de cada traballo se especifiquen os seguintes datos: nome e apelidos do autor, domicilio, data de nacemento, curso académico, teléfono e sinatura.

O xurado estará composto por varias persoas do Concello de Castroverde e por cada categoría haberá un premio sorpresa, que será para os autores dos deseños máis valorados polo xurado.



ESCAPARATES. O Concello de Castroverde convoca un concurso de Escaparates de Nadal co obxectivo primordial de potenciar a imaxe dos establecementos comerciais a través dos seus escaparates durante as festas de Nadal e contribuir á mellora da ambientación das rúas

comerciais.

Poderán participar neste concurso todos os establecementos comerciais do municipio de Castroverde que teñan escaparate exposto á rúa. Cada establecemento só poderá participar no concurso con un único escaparate e a decoración dos escaparates mostrarán unha composición ou ambiente propio do Nadal, sendo de total liberdade a técnica e o estilo utilizado.

Os interesados en participar neste concurso deberán realizar a súa inscrición a través dun formulario e presentarse tamén unha ou varias fotografías en formato dixital da decoración do seu escaparate e presentarse nas oficinas do concello como data límite o 16 de decembro. Así mesmo no momento de presentar a solicitude de inscrición cada comercio recibirá un cartel anunciador que o acredita como participante neste concurso.



O Concello recibe da Xunta unha nova coitela quitaneves

O director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, participou na entrega de cadansúa coitela quitaneves aos concellos ourensáns da Gudiña, A Rúa, Baños de Molgas, Vilamartín de Valdeorras e Vilariño de Conso, aos lucenses de Cervantes e Meira, e ao pontevedrés de Lalín. A Xunta investiu 51.600 euros neste material de emerxencia para actuar no caso de nevadas nos municipios cunha altitude media superior aos 800 metros, segundo o establecido no Plan NEGA.

Trátase de coitelas dotadas de reforzos traseiros e con rodas integradas para facilitar a súa montaxe e desmontaxe. Cunha anchura de

limpeza de case dous metros, dispoñen ademais de mando a distancia e sistema de mans libres, así como dun sistema de autodiagnóstico que permite identificar calquera problema eléctrico que lle afecte ao funcionamento.

Con esta entrega complétanse as dotacións concedidas ao abeiro da orde de 2021 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias aos concellos, mancomunidades e agrupacións de concellos que contan con voluntarios de Protección Civil. Nelas tamén se inclúen 19 vehículos pick-up, seis remolques, 26 tendas de campaña para atención ás emerxencias e oito espaxeadores de sal.

Petroglifos reciben a catalogación de BIC



Uns petroglifos atopados no ano 2013 por un veciño de Friol recibiron a catalogación de Ben de Interese Cultural por parte de Patrimonio, tras a xestión realizada polo colectivo Patrimonio dos Ancares. No ano 2013, o veciño de Friol Diego Viñas observou uns gravados realizados nunha pena granítica situada no paseo fluvial. Integrantes do Colectivo Patrimonio dos Ancares achegáronse ata o lugar para comprobar a tipoloxía e de cantos petroglifos se trataba. Despois de varias visitas, verificaron que na parte superior e máis lisa da pedra hai uns 4.000 anos insculpiran varias figuras compostas por unha combinación de catro círculos concéntricos con coviña centra. Nas inmediacións hai outra pena con

oito cazoletas e pías. Nos anos 2016 e 2021 informaron dos achados ao Servizo do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Lugo, qu verificouque, efectivamente, trátase duns petroglifos prehistóricos. Tamén comunicaron a catalogación dun interesantísimo ben patrimonial en Martul (Outeiro de Rei), solicitude que realizaron no ano 2017. Trátase dunha pedra reutilizada na casa reitoral onde se ve a representación dunha figura humana de trazos ben definidos que debuxan o corpo, brazos, pernas e cabeza onde se aprecian a boca e os ollos. A tradición oral di que apareceu nunha mámoa, se ben descoñécese en que lugar se atopaba este enterramento.



Produccións Excéntricas gaña o Manuel María de Proxectos Teatrais

A 3ª edición do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais convocado pola Fundación e Casa-Museo Manuel María recaeu na compañía Produccións Teatrais Excéntricas polo seu proxecto Auto do Castromil realizado sobre a obra homónima de Manuel María. A obra será dirixida por Quico Cadaval e o elenco está composto por Víctor Mosqueira, Evaristo Calvo, Patricia Vázquez e Rocío González acompañados de Carlos Alonso na escenografía, Piti Sanz no espazo sonoro e Octavio Mas na iluminación. O xurado tomou a súa decisión por unanimidade e cualificou o proxecto como “brillante e imaxinativo, recuperando propostas contidas no Teatro de Máscaras de Otero

Pedraio, un dos textos máis visionarios no deseño dun teatro de vangarda propiamente galego”. Resaltou, ademais, que “a obra presenta unha gran capacidade de chegar a un espectro de público moi amplo, incluído o público escolar, pola súa mistura de estilos, o xogo cos obxectos e os materiais propostos, aventurando un espectáculo singular que promete poética e humor”. Tamén valorou o xurado que a proposta gañadora “presenta unha estética con capacidade de intervenir na sociedade contemporánea recollendo os valores da obra de Manuel María que combina a vangarda coa cultura popular.”

O BNG afirma que o alcalde impediou tratar unha moción no último pleno

Os concelleiros nacionalistas de Outeiro de Rei fixeron chegar a súa protesta polo sucedido no pasado pleno de outubro, “o alcalde dun xeito totalmente arbitrario e sen dar ningunha razón, decidiu que non se debaterá, e polo tanto que tampouco se votara, o cuarto punto da orde do día, unha moción do BNG”. “O señor Pardo non xustificou en ningún momento tal actuación, senón ao contrario, tan só manifestou que ese punto non se trataba e que se pasaba ao punto seguinte. Trátase dun intento máis de acalar á oposición feita polo BNG, pois xa levaba varios plenos queixándose que presentábase demasiadas propostas e iniciativas”, aseguran. Explican que en Outeiro de Rei tan só se celebran seis plenos ordinarios ao ano, que é onde os grupos da oposición poden presentar mocións. “Se o alcalde, arbitrariamente, tan só nos deixara presentar unha moción por pleno serían só seis propostas as que poderíamos facer en todo o ano, número totalmente insuficiente para poder facer o noso traballo de oposición e de fiscalización do traballo municipal”, din. Alegan que neste pleno, a orde do día era moi cativa, pois tan só había dous puntos de trámite presentados polo Goberno, unha moción do PSOE e dúas do BNG.

friol



Remata a primeira Poxa de Gando Frisón

Friol acolleu a primeira Poxa de Gando Frisón de Friol, que organizou conxuntamente o Concello e Friol e Africor Lugo. Vendéronse en total 18 animais, todos os que saíron a pista alcanzándose un volume de vendas de 53.900 euros, cun precio medio por cabeza de 2.994 euros. O exemplar subastado polo prezo máis alto foi Carballo de Baixo

Goal Reina, presentado pola gandería Carballo de Baixo SC de Sarría. Foi mercado pola gandería Xesteiro de Zas, na Coruña, por 4.800 euros. O segundo prezo máis alto foi para Queiroga Goal, presentado por Casa Queiroa do Paramo, adquirido pola gandería Pena Guisande do Paramo tamén por 4.200 euros.

Supervisan a obra nos accesos ao parque empresarial



Estase a executar no parque empresarial de Outeiro de Rei a mellora das infraestruturas viarias levada a cabo co apoio da Xunta de Galicia. En concreto, a Administración galega achegou máis de 114.000 euros (o 80%) para un proxecto no que se investiron máis de 143.000 euros. O de Outeiro de Rei foi un dos 42 proxectos apoiados

en Galicia para a mellora de infraestruturas en parques empresariais. A actuación enmárcase no obxectivo da Xunta de mellorar e crear novas infraestruturas sostibles nas áreas industriais e impulsar a atracción de novos investimentos. Estes programas contan con 6,1M€ nos orzamentos para 2023.

Alberto Ansede pasa a dirixir a Fundación Manuel María

O padroado da Fundación Manuel María de Estudos Galegos elixiu a Alberto Ansede como o seu novo presidente, ocupando así a vacante no cargo provocada polo recente falecemento de Saleta Goi, viúva do escritor. A propia Saleta tivera a iniciativa de constituir a Fundación unha vez falecido Manuel María no ano 2004, co fin de reunir todo o seu legado e difundir a súa obra literaria. A Fundación foi constituída e declarada de Interese Galego no ano 2007, adquirindo inmediatamente a casa natal do escritor en Outeiro de Rei para, despois de remodelala, abri-la ao público como Casa-Museo do escritor en setembro de 2013. Ansede traballou conxuntamente con Saleta na consecución deste obxectivo, e viña desempeñando o cargo de secretario da Fundación desde a súa posta en marcha. É profesor de Filosofía e mantivo desde a súa mocidade unha intensa relación con Manuel María e Saleta.

O teatro afeccionado chega o sábado 2

O Cicuío de Teatro Afeccionado, que iniciou xa unha nova tempada, fará a súa parada este sábado en Castroverde. O grupo Teatro Nova Escena representará a comedia *A tortilla e a peste*. A actuación será este sábado 2 de decembro ás 19.00 horas no Salón de actos do CPI de Castroverde.

Na obra cinco mulleres contan a súa experiencia durante o período do confinamento. A privación de contacto, o illamento e a distancia fan que as cousas cotiás, como facer unha tortilla, adquiren unha dimensión diferente, converténdose no eixo mundi duns personaxes ligados á realidade a través da tecnoloxía.

O sábado 10 de decembro o grupo Hipócrita Teatro representará *Arte* ás 19.00 no Salón de actos do C.P.I. de Castroverde.

Esta é unha obra construída con personaxes que se revelan pouco a pouco ata adquirir unha complexidade insospitada e que, entre risas, moitas risas, nos mostrarán unhas cantas cousas nada banais sobre nós mesmos, sobre a fragilidade das relacións humanas e sobre a incapacidade para entender e para amar por riba dos nosos propios prexuízos.

Veremos como, en cuestión dunha semana e por un motivo aparentemente trivial, tres amigos fan saltar polos aires unha relación de vinte anos, comportándose como nacións en guerra.

O municipio contará cun punto limpo móbil



A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achega 70.000 euros para poñer en marcha un punto limpo móbil no municipio. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, acompañado do alcalde, Felipe Labrada, comprobou o novo equipamento recibido polo Concello, que foi financiado a través da orde de axudas de 2022 para colaborar coas entidades locais na mellora da xestión de residuos. Este ano o Goberno galego destina 666.200 euros para implantar puntos limpos móbiles en 14 concellos, co fin de ofrecer un servizo itinerante de recollida de residuos especiais nos seus respectivos territorios.

Así, xunto ao Corgo resultan beneficiarios os municipios de Lugo, Palas de Rei, Vilalba, Ribadeo, A

Pontenova, Foz, Viveiro, Mondoñedo, Folgoso do Courel, Chantada e Pantón; e dúas agrupacións constituídas polos concellos de Castroverde, Baleira e Pol -unha delas -e a outra formada por Guitiriz e Xermade.

Esta orde de axudas contempla outras dúas liñas de actuación, unha para levar a cabo proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos, co fin de destinalo a valorización para a obtención de biocombustible -da que resultaron beneficiarios os concellos de Lugo e Monforte de Lemos, con 12.000 e 6.300 euros respectivamente -; e a outra para fomentar a recollida separada da fracción de residuos téxtiles.



O BNG impulsa a urbanización e a mellora da seguridade na N-VI

O Bloque Nacionalista Galego no Corgo impulsa a urbanización e a mellora da seguridade na N-VI. Esta iniciativa fomentárase a través das emendas aos orzamentos do Estado da man do deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego.

Nesta iniciativa propónse a colocación de beirarrúas, pasos de peóns elevados, a instalación de semáforos ou a construción dunha rotonda na altura do quilómetro 487 (entre o centro de saúde e a igrexa) como solución para eliminar o cruce conflictivo que existe agora, tanto para peóns como para vehículos.

Pilar Bellón, concelleira do BNG no Corgo, destacou a necesidade des-

te proxecto "desde o BNG defendemos que é vital que a veciñanza conte cun entorno seguro no que poida desprazarse sen problemas, onde ir ao médico ou arranxar un trámite non poña en risco a vida das persoas, xa que agora carecemos en moitos puntos de beirarrúas e medidas de seguridade para movernos".

Neste sentido, a concelleira do BNG fixo fincapé "é preciso consignar xa unha dotación orzamentaria para esta actuación, por isto, o noso compañeiro Néstor Rego alcanzará esta demanda a través das emendas que o BNG presentará aos orzamentos do Estado".

portomarín

Portomarín compite por ser o gañador de 'Xuntos brillamos máis'

Portomarín é un dos sete pobos finalista para iluminar as súas festas e ser o protagonista do anuncio de Nadal da marca de bombóns que tódolos anos organiza esta campaña de Nadal baixo o título de Xuntos brillamos máis.

Portomarín destaca polo seu encanto, riqueza cultural, gastronomía e o poder de acollida dos seus veciños e este ano compite contra Aínsa (Huesca), Cazalla de la Sierra (Sevilla), Chinchón (Madrid), Mojácar (Almería) e Santillana (Guadalajara). Astorga, co que comparte o vínculo do Camiño de Santiago, será o padriño do pobo galego nesta campaña.

Son numerosos os concellos que mostraron o seu apoio a Porto-

marín coma Begonte, Friol, Carballido, Monterroso ou Mondoñedo entre outros. As votacións están abertas para todo o mundo a través da páxina web ata o 30 de novembro e os tres pobos con máis votos pasarán a seguinte fase que contará cunha nova ronda de votacións.

Dende o Club Deportivo Lugo tamén amosaron o seu apoio á candidatura coa celebración do partido de fútbol que tivo lugar contra o CD Levante. Ademais dende o Concello están organizando un sorteo dunha fin de semana con aloxamento e pensión completa para dúas persoas ó presentar unha captura de pantalla coa votación por Portomarín.

A Casa da Cultura conta cun proxecto de rehabilitación integral

A Casa da Cultura conta cun proxecto de rehabilitación integral financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno na mellora dos servizos públicos municipais. Esta obra contará cun presupuesto total de 415.000 euros dende o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma).

A subdelegada xunto ao alcalde de Portomarín, Pablo Rivas, supervisou as principais actuacións que se levarán a cabo para remodelar o inmoble, onde se sitúan oficinas municipais, o auditorio e a biblioteca, e que se enmarcan no Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos para Entidades Locais (Pirep Local).

As obras, que deberán estar rematadas en setembro de 2024, consistirán na renovación da carpintería exterior do edificio, a instalación



dunha caldeira de pellets de alta eficiencia para calefacción e auga quente, substitución do alumado existente por un tipo LED de baixo consumo e a dotación de illamento térmico envolvente. Así mesmo, mellorarase a accesibilidade da entrada ao edificio, instalarase un ascensor,

construiranse aseos e vestiarios para persoas con mobilidade reducida e acondicionaranse os actuais. Ademais, o proxecto inclúe traballos de repintado, substitución de portas e falsos teitos, reposición de pavimentos interiores, baixantes e canlóns exteriores.

Remataron as obras dos locais sociais en dúas parroquias

A Xunta apoiou con preto de 33.000 euros as obras de recuperación de dous inmobles como locais sociais no concello de Castro de Rei, situados nos núcleos de Barxa (parroquia de Santa Locaia) e A Anoca (San Martiño de Goberno). Así, a asociación Corazón de Jesús obtivo unha achega de 16.100 euros para reformar por completo a antiga escola de Barxa, incluídos novos baños, tabiques, portas e pavimentos, a renovación da instalación eléctrica e o pintado interior e exterior.

En canto á agrupación veciñal de San Martiño de Goberno, a Xunta concedeu 16.600 euros para acometer unha restauración integral do vello teleclub da Anoca, coa substitución da cuberta, as portas e as fiestras por outros elementos que proporcionan mellor illamento e incrementan a eficiencia enerxética do local. Tamén se acondicionou o chan e pintouse o inmoble



por dentro e por fóra.

Javier Arias gabou a iniciativa das asociacións veciñais, “en especial nas zonas rurais, porque con este tipo de actuacións recuperan vellos construcións que perderon o seu uso orixinario para convertelas en lugar de encontro e convivencia”.

Nese sentido, o delegado subliñou

o apoio da Xunta ao asociacionismo veciñal con medidas como esta liña de axudas para acondicionar e equipar locais sociais, que en 2022 incrementou o seu orzamento nun 20% con respecto ao exercicio anterior, ata acadar os 3 millóns de euros. Na provincia de Lugo, este ano beneficiáronse 31 agrupacións que percibiron 433.500 euros.

Chegarán en decembro os boleros cubanos

A Asociación Amigos da Feira de Castro de Rei convocou a actuación de A Dos Trovando o 4 de decembro no teleclub de Castro de Rei con entrada de balde e baixo o título A Istoría do Bolero Cubano.

A Dos Trovando é un proxecto que xorde do amor polos boleros e cancións da Trova Tradicional Cubana. Cun guiño didáctico e divertido farán unha viaxe no tempo para levarnos ao Santiago de Cuba de finais do XIX. Alí coñeceremos aos músicos que van cultivar a Trova e asistirémos á xénese de Tristezas, o primeiro bolero.

Comezado o século XX, seguiremos aos trobadores na súa emigración cara á Habana cantando a dúas voces, prima e segunda, as súas obras máis emblemáticas; as primeiras co acompañamento de dúas guitarras, e co formato de sexteto as compostas a partir da década do 20, cando aparece o Son Cubano.



O seu espectáculo cheo de arte e humor emociona e mantén en todo momento a atención do público. Para moitos é unha agradable sorpresa descubrir a beleza e a riqueza musical e poética dos boleros, unhas cancións inmortais. Paralelamente, proxectaranse fotografías da época alusivas ao que irán narrando e cantando, que axudarán a situar á audiencia en cada momento da historia.



A Granxa Gayoso Castro recibe nova maquinaria

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, visitou este venres a Granxa Gayoso Castro, onde supervisou unha nova maquinaria adquirida pola institución provincial para o gando vacún do centro provincial. Tomé Roca estivo acompañado pola deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, o deputado de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico; e o de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

A institución provincial adquiriu un novo carro mesturador que mellora a eficiencia das instalacións, así como a alimentación dos animais, que é agora máis variada e apetecible, e polo tanto, o seu benestar, saúde e tamén a súa produción. Este contrato de subministro foi adjudicado á empresa Farming Agrícola SAU por un importe de 230.000€.

O equipamento, que xa está en funcionamento para substituír o antigo, permitirá garantir unha calidade óptima da ración que se lle subministra aos animais, logrando unha maior eficiencia e produtividade, e contribuíndo ao seu benestar. O carro mesturador dá servizo a uns 200 animais -100 vacas de leite, 160 rubias e unhas 30 vacas cachenas- e servirá para substituír outra xa obsoleta coa que contaba a instalación provincial. A Granxa Gayoso Castro recibe cada curso lectivo a máis de 500 alumnos e alumnas da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior do Campus Terra, das materias de Enfermidades Parasitarias, Cría e Saúde Animal, Nutrición e Alimentación, e Reprodución e Obstetricia, que realizan as súas prácticas cos animais que se atopan nas instalacións provinciais.



Rueda visita o novo polígono agroambiental

O presidente da Xunta destacou os proxectos estratéxicos que combinan innovación e sustentabilidade coa posta en valor dos piares tradicionais da economía galega. Alfonso Rueda resaltou este apoio do Goberno galego á iniciativa privada respectuosa co medio ambiente na visita que fixo ás instalacións de Agroamb para coñecer o proxecto de desenvolvemento dun polígono agroambiental.

Alfonso Rueda botou man da memoria para loar a figura de Severiano Ónega, fundador dunha empresa que agora continúa nas mans dos seus herdeiros e que hai máis de dúas décadas comezou a comercialización de fertilizantes a partir dos residuos orgánicos das granxas. Hoxe, Agroamb é unha compañía punteira que quere dar un paso máis no eido da economía

circular coa creación dun polígono agroambiental da man de Enagás Renovables e Genia Bioenergy. “Son grandes empresas que están unindo as súas forzas e estamos convencidos de que o resultado vai ser moi bo”, indicou o presidente da Xunta, quen animou tamén a aproveitar “o gran potencial” que Galicia ten na industria agraria. Alfonso Rueda fixo fincapé no apoio que Agroamb tivo sempre da Administración autonómica e confirmou ese compromiso resaltando que a planta de biometano, que é o primeiro piar do proxecto agroambiental, conta xa coa declaración de Iniciativa Empresarial Prioritaria por parte do Consello da Xunta. “En Galicia temos moitas posibilidades coas enerxías renovables e os primeiros que o fagan irán con vantaxe”, subliñou.

O primeiro aerotaxi de España despegou de Rozas

No marco das demostracións do proxecto europeo AMU-LED que o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) lidera en España, Rozas acolleu as probas en ceo galego do primeiro e único taxi dron sen piloto de fabricación española.

Trátase do eVTOL (vehículo aéreo eléctrico de despegamento e aterraxe vertical) Concept Integrity, de UMILES Next, e que está dotado da tecnoloxía de Tecnalia. Os voos, que tiveron lugar nas instalacións do Centro de Investigación Aeroportada en Rozas, en Castro de Rei, foron xestionados con Airus, un dos sistemas máis avanzados de xestión de tráfico de drones en cidades de Europa, desenvolto en Galicia polo Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) e a empresa NTT Data. Estes voos forman parte das demostracións de AMU-LED, proxecto europeo H2020 que busca avanzar na integración segura de drones en contornas urbanas.

O eVTOL Concept Integrity que voou por primeira vez no espazo aéreo galego é un deseño máis avanzado da primeira versión que se presentou en 2019, con todos os sistemas evolucionados. É o primeiro de España capaz de desprazarse nas cidades de forma autónoma, pensado para o traslado dunha persoa e cubrir distancias urbanas de 15 quilómetros en 15 minutos.

DEPUTACIÓN

Proposta para modificar os orzamentos galegos

O Pleno acordou reclamarlle á Xunta de Galicia que modifique os orzamentos 2023 para solucionar os incumprimentos pendentes coas infraestruturas e o reforzo dos servizos públicos da provincia de Lugo, a raíz dunha moción presentada polo PSdeG que foi aprobada cos votos a favor dos socialistas e nacionalistas e en contra dos populares. Así mesmo, dende a Deputación pídeselle ao Goberno galego que inclúa tamén un Plan de Reindustrialización que faga fronte á perda de emprego industrial, nomeadamente na comarca da Mariña e que habilite medidas de axuda especiais para a flota lucense afectada pola política de peche de caladoiros á pesca de fondos da Unión Europea. Ademais, tamén se lle reclama á Xunta que amose, a través dos seus presupostos, o apoio ao sector primario, nomeadamente aos gandeiros e agricultores.

A voceira socialista do Goberno

deixou patente a “insatisfacción da provincia de Lugo” con estes orzamentos porque “non atende ás demandas reais da veciñanza”. Na defensa “Dende a Deputación de Lugo non vamos deixar de reclamarlle as medidas necesarias para a provincia do Estado e de Galicia para o avance da nosa provincia e seguiremos reivindicando os incumprimentos pendentes en novas infraestruturas e máis e mellores servizos públicos no noso territorio”, perseverou a Deputada. “Fóra das infraestruturas electoralistas, só vemos que hai menos mestres nas escolas, menos médicos, menos prazas nas residencias públicas, menos industrias, menos rural e menos Galicia, Galicia, Galicia, como anunciaban nos lemas electorais”, manifestou.

García Porto tamén puxo o foco no aumento dos orzamentos deste ano que se deben ás transferencias do Estado.

A Deputación formou en 2022 a 760 empregados públicos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto ás deputadas de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Ana González Abelleira, entregou os diplomas aos empregados e empregadas públicos da propia institución e dos concellos que completaron os cursos do Plan de Formación Continua ofrecido neste 2022 pola entidade provincial. Este ano, a Deputación organizou 19 accións, nas que participaron 760 persoas. “Trátase de algo positivo a nivel individual, para a carreira profesional dos traballadores, pero tamén a nivel colectivo, porque, coa melloira constante de coñecementos, estamos contribuíndo a mellorar o funcionamento das administracións”, sinalou o presidente.

José Tomé subliñou que o Plan Agrupado busca precisamente “avanzar cara unha administración máis moderna e eficaz, con capacidade para



utilizar con proveito as ferramentas de traballo dispoñibles en cada momento e prestar así un mellor servizo á cidadanía, que debe ser a nosa máxima aspiración como servidores e servidoras públicos”.

Neste sentido, lembrou que os traballadores e traballadoras da Administración local xogan un papel fundamental porque están na primeira liña de consulta á que acoden os veciños e veciñas para pedir infor-

mación, facer trámites ou resolver dúbidas. “Formamos parte da Administración máis próxima á cidadanía, da primeira porta á que chaman cando teñen un problema”. Por iso, engadiu, “debemos seguir traballando xuntos, dotándonos das mellores ferramentas, de recursos e de formación como a que proporciona o Plan Agrupado para ser, cada día, máis útiles ós novos conveciños, porque así tamén lle irá mellor ós concellos”

Abre o prazo para solicitar praza no programa Lugo Termal

A Deputación abriu o prazo para solicitar algunha das 1.025 prazas do programa Lugo Termal. Este ano, o incremento do coste por praza derivado da inflación o asume integramente a institución provincial, que aporta practicamente o dobre que nas pasadas edicións. O que suporá o mesmo desembolso para as persoas solicitantes: 189,5€ na modalidade con estancia e 200€ na modalidade sen estancia.

As persoas interesadas deberán cumprir cos requisitos de ter máis de 50 anos, estar empadroadado ou empadroadada nalgún dos 67 concellos da provincia, valerse por si mesma, non padecer alteracións do comportamento que afecten á convivencia e carecer de contraindicacións médicas. Poderán presentar a documentación, a través do Rexistro Xeral – a cita previa pode solicitarse a través do teléfono 982 260 030- ou tamén, na páxina web da sede electrónica da Deputación de Lugo, sede.deputacionlugo.org.

A modalidade con estancia contempla seis días e cinco noites en pensión completa e con carácter xeral haberá 15 técnicas termiais, agás que por razóns médicas xustificadas se desaconsellen, e haberá un recoñecemento médico previo á aplicación das técnicas termiais.

O Pleno urxe á Xunta que reforce a atención pediátrica na provincia

A Deputación de Lugo úrxelle á Xunta de Galicia un plan de choque que reforce a atención pediátrica na provincia de Lugo, tanto con profesionais como con medios. Así se acordou tras unha moción presentada polo PSdeG no pleno ordinario do mes de novembro que saíu adiante cos votos a favor dos socialistas, nacionalistas e coa abstención do PP.

A institución tamén reclama que o Goberno galego remate coa política de recortes de persoal e adopte as medidas necesarias para repoiñar coa maior brevidade posible os cadros de persoal nos servizos de medicina de familia, pediatría e persoal sanitario; e que atenda as reclamacións dos doentes e as organizacións profesionais á hora de deseñar o modelo de atención de urxencias pediátricas, para evitar que a falla de atención nos centros de saúde se traduza logo no colapso dos centros hospitalarios.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, foi firme á hora de defender o dereito dos nenos e nenas da provincia a unha atención digna e de calidade. Puxo o foco

na chegada da gripe e da incidencia das enfermidades respiratorias infantís propias do inverno como a bronquiolite, que fixeron colapsar o sistema. “O pasado día 15 de novembro o delegado do sindicato de enfermaría SATSE, Manolo Veiga, denunciaba o colapso dos servizos das urxencias pediátricas do HULA, así como en varios centros de saúde da provincia”, denunciou. A respecto diso, indicou, “a Xunta fixo caso fixo caso omiso destas declaracións, mesmo retou importancia ás patoloxías que levaron a hospitalizar a 25 nenos en poucas semanas; e tampouco lle prestou atención á manifestación celebrada o domingo día 20 en Viveiro onde familias e nenos saíron á rúa cargados de peluches e vestindo babeiros con lemas reivindicativos para denunciar a falla de atención pediátrica para os 1.600 menores de Viveiro, O Vicedo e Ourense”.

“Estamos ante un Goberno autonómico que non cre na sanidade pública e aposta por un modelo centralizado que camiña cara unhas urxencias cun sistema saturado ou cara a sanidade privada”, dixo.



Ponse en marcha o Plan Invernal nas estradas

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, e voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, presentou na Fonsagrada o Plan de Vialidade Invernal despregado polo organismo provincial para a temporada 2022-2023. Xunto cos recursos, a institución ten contratadas 8 empresas para labores de conservación e mantemento co fin de facerlle fronte coa maior eficacia e rapidez posibles ás incidencias que poidan provocar as inclemencias meteorolóxicas nos 4.217 quilómetros de estradas provinciais.

O dispositivo está composto por 112 operarios e 48 máquinas, ademais de 12 silos que a institución provincial ten distribuídos por toda a provincia e que dispoñen dun total de 420 toneladas de sal de mina.

García Porto destacou que contar cun protocolo destas características é fundamental para atender as incidencias que se poidan producir na rede viaria provincial, a máis extensa dunha Deputación en España, e garantir así a seguridade e comodidade dos usuarios e usuarias fronte a episodios de meteoroloxía adversa.

O Plan de Vialidade Invernal da Deputación divídese en 8 zonas, todas dotadas con medios suficientes para facer fronte coas maiores garantías posibles ás emerxencias que poidan xurdir. Dos 4.217 quilómetros de estradas, a metade están situados a máis de 600 metros de altitude sobre o nivel do mar, co que iso supón de maior incidencia das inclemencias meteorolóxicas.

A Deputación terá no ano 2023 uns orzamentos que superan os 110,6 millóns de euros

O Goberno aumentou un 25% os investimentos en políticas sociais dende o ano 2019, pasando de 30M€ aos 37 que dedica no 2023

A Deputación terá no ano 2023 uns Orzamentos “expansivos e profundamente sociais”, que superarán os 110,6M€. Así o anunciou a voceira socialista, Pilar García Porto, xunto á Vicepresidenta, Maite Ferreiro Tallón, e á deputada de Economía, Ma- yra García Bermúdez.

O Orzamento, que sube preto dun 10,5% con respecto ao deste ano grazas ó incremento da aportación do Estado en 8,6M€, foi aprobado no Pleno ordinario, co que entrará en vigor a principios de xaneiro.

As liñas mestras das contas provinciais, explicou a Deputada, “son as mesmas que guían todo o noso mandato: dende o rigor, a estabilidade e a coherencia, estamos sacando adiante un proxecto útil para a provincia, claro e ben definido, que se centra en acercar e mellorar os servizos públicos dos veciños e veciñas do rural, e en apoiar a economía e ós sectores produtivos”.

CENTROS DE MAIORES. O Orzamento do vindeiro ano é “claramente expansivo, investidor”, en tanto que os capítulos de investimentos e de transferencias “suben máis dun 20%”, explicou a voceira.

Son ademais uns presupostos “profundamente sociais”. Así, dende o inicio do mandato, aumentou un 25% os fondos destinados a este ámbito, pasando dos 30M€ do 2019 aos 37M€ do vindeiro ano 2023. Un incremento “que se traduce en feitos”, pois “cando chegamos ó Goberno había tres Centros de Atención a Maiores en funcionamento, e hoxe temos 8 residencias abertas e unha máis, a de Ribas de Sil, que inauguraremos antes de finalizar o ano”.

Polo tanto, “multiplicamos por tres o número de centros en marcha, ata chegar ós 9 cos que contaremos o vindeiro ano 2023” –situados en Trabada, Ribadeo, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil-, “nos que ofreceremos 300 prazas asistenciais e cos que creamos uns 230 empregos directos, o 95% deles ocupados por mulleres”, o que resulta “vital para afrontar o reto demográfico”.

Para manter estes centros en funcionamento e seguir avanzando nos proxectos que están en marcha –na Pontenova, Guitiriz, A Pobra do Brollón, Portomarín, Oroul, Folgoso do Courel, Pantón, Becerreá e Cervantes, a Deputación destina preto de 11M€, un millón de euros máis.

Así mesmo, os Orzamentos recollen en materia de servizos sociais os fondos necesarios para manter o servizo de Telesistencia Domiciliaria as 24



horas, que asiste a unhas 2.000 persoas, e o Servizo de Axuda no Fogar, que presta atención a máis de 2.100 persoas dos concellos de menos de 20.000 habitantes.

A voceira socialista lembrou que a Deputación mantén “unha liña de colaboración moi importante co tecido de asociacións vinculadas co benestar social”, e que este ano ascende a 1,3M€.

IGUALDADE E EMPREGO. A Deputación incrementou tamén un 185% os recursos destinados a igualdade desde a creación no ano 2019, por primeira vez, dunha área provincial específica.

Contempla partidas orzamentarias para favorecer a inserción laboral, que no ano 2023 alcanzan os 5M€. A Deputación plasma nos Orzamentos do ano 2023 o compromiso coa educación pública cunha consignación “que vai moito máis alá das competencias” da institución neste eido, e que supera os 3M€. Os fondos están destinados á Universidade e ó Centro de Formación Audiovisual.

PLAN ÚNICO. A cooperación cos concellos “é un eixo vertebrador de toda a acción política do Goberno”, subliñou a voceira socialista, polo que colabora “con todos os recursos técnicos e económicos posibles para que os 67 concellos da provincia poidan ofrecer máis e mellores servizos públicos ós seus veciños e veciñas”.

O principal instrumento de cooperación da Deputación é o Plan Único, que no ano 2023 ascenderá a 21,5M€, entre os 11M€ contemplados nos Orzamentos e a incorporación de remanentes.

A Deputada lembrou as melloras introducidas no Plan Único este mandato para que sexa máis útil para os concellos, como a aprobación das bases no ano anterior o seu período de vixencia, a posibilidade de impu-

tar gastos de obras e contratos de persoal dende principios de ano ou a simplificación dos trámites administrativos.

Neste eido, a entidade provincial reeditará o vindeiro ano o Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios, unha liña de axudas de concorrencia competitiva dotada con 300.000€, coa que “buscamos mellorar a calidade de vida dos veciños do rural con obras que inciden directamente no día a día”.

SECTORES PRODUTIVOS. O apoio da Deputación aos sectores produtivos materialízase no Orzamento de 2023 en partidas que suman 10,5M€ para actuacións impulsadas directamente pola administración provincial ou en colaboración co tecido asociativo vinculado coa actividade agrogandeira, forestal e do mar, co medio ambiente, o comercio de proximidade, a hostalería e o turismo.

No caso do sector primario, o Goberno duplicou os fondos neste mandato, ata alcanzar os 4M€ do ano 2023, dos que practicamente a metade están destinados á Granxa Gayoso Castro. A Deputación ten como obxectivo seguir potenciando esta infraestrutura, para que preste o mellor servizo posible aos gandeiros e gandeiras da provincia, sobre todo para que gañen competitividade e autosuficiencia no funcionamento das súas explotacións.

As partidas para consolidar “un turismo de calidade e sostible, desestacionalizado e que deixa valor no territorio en termos económicos e de emprego” ascenden a 3,2M€. Neste ámbito, a institución provincial chega un total de 160.000€ á Mancomunidade de Municipios da Mariña e ao Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para que poidan executar os Plans de Turismo Sostible que lles concedeu o Goberno de España.

A Deputación contempla 3,5M€ para

a conservación do patrimonio natural da provincia, pero tamén, “dunha maneira moi destacada, para converter toda esa riqueza medioambiental nunha oportunidade para o desenvolvemento do sector primario e do turismo”, explicou a Deputada.

A esta finalidade irán dirixidas as medidas que a institución levará a cabo entre este ano e o vindeiro 2023 nos 29 concellos que forman parte das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses gracias ós fondos que logrou da Unión Europea, e que ascenden a 1M€.

Tamén en materia de medio ambiente, e vinculado co turismo, a Deputación de Lugo avanza no Parque Central de Galicia para poñer en valor o centro xeográfico da comunidade, situado en Nugallás, na parroquia de San Fiz de Amarante do concello de Antas de Ulla, segundo determinou o Instituto Xeográfico Nacional.

O apoio aos sectores produtivos no ano 2023 pasará así mesmo por outras iniciativas, como o proxecto Acelera PEMEs, para fortalecer e diversificar o empresariado da provincia coa transformación dixital, ou o programa Reiniciate, dedicado a favorecer a creación e o mantemento de emprego nos colectivos que peor o teñen para conseguilo.

MELLORA DA MOBILIDADE. A mellora da mobilidade é outro dos piares sobre os que se asenta a acción política do Goberno provincial, porque “se trata dun factor esencial para o desenvolvemento social e económico dun territorio de maneira equilibrada”.

Froito dese compromiso, o Executivo incrementou neste mandato as partidas orzamentarias para a conservación e mellora da rede de estradas da Deputación en cerca dun 30%, pasando dos 14,2M€ que había no ano 2019, ós máis de 18,3M€ do presuposto do ano 2023.

DEPORTES. A área de Deportes mobilizará uns 4,1 millóns de euros para apoiar a actividade deportiva, tanto no ámbito do deporte base e da actividade física saudábel, como no ámbito plenamente competitivo.

A área seguirá a ser o principal apoio institucional dos clubs de primeiras e segundas categorías estatais e tamén o principal soporte económico para o tecido deportivo de base”. As distintas liñas de axuda suporán un importe de 2,4 millóns de euros.

Ademais, os orzamentos contemplan unha partida de 1.267.000 para as instalacións deportivas.

ARTESANÍA. En 2023, o Centro de Artesanía e Deseño investirá máis de 360.000 para consolidar os proxectos de apoio e promoción da artesanía. Ademais, seguirase impulsando o recoñecemento do patrimonio musical do Centrad, con iniciativas como o encontro Celme de Zanfona. No 2023, darase tamén un impulso ao espazo permacultural que se puxo en marcha este ano no Lugar de Reque, no paseo do río Rato.

Os orzamentos de 2023 avanza tamén na consolidación dunha partida específica para Memoria Histórica, co obxectivo de colaborar con iniciativas guiadas pola procura de verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición en relación co golpe de Estado do 36 e da ditadura.

CULTURA. En relación coa área de Cultura, Maite Ferreiro sinalou que “se destinará 975.000 a desenvolver programacións propias para achegar a actividade cultural a todo o territorio e consolidar un sector económico e profesional, que precisa continuidade nos investimentos e apoio das administracións públicas para fidelizar público”.

Nese sentido, avanzou que “se manterán programacións que se puxeron en marcha con gobernos nacionalistas e se contribuirá ao financiamento do tecido asociativo”. Unha terceira liña de investimento sustenta o funcionamento da Rede Museística.

MEDIO RURAL MAR E MOCIDADE. Contará cun orzamento total de 2,11 millóns de euros para seguir reforzando as liñas nas que ven traballando dende o inicio lexislatura, actuando en ámbitos que son estratégicos para o rural e para o sector primario e nos que a área dirixida por Mónica Freire foi pioneira. É o caso do programa de prevención de lumes O Que Non Arde ou a Escola á Granxa e tamén se continuará dando apoio á rede de asociacións agrogandeiras.

DEPORTES

Sergio Vallejo presenta o vehículo co que participará no Dakar 2023

O piloto meirego Sergio Vallejo presentou onte o vehículo que o levará, xunto a Mario G. Tomé como copiloto, a participar no Dakar 2023, do 31 de decembro ao 15 de xaneiro.

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo é o principal patrocinador institucional do proxecto deportivo do piloto meirego, que tras moitos anos nos rallyes de velocidade, abre unha nova etapa na

súa carreira deportiva.

Sergio Vallejo debutará no Dakar aos mandos dun buggy da categoría T1. Tras levar o proxecto en segredo durante os últimos meses, nos que se estivo preparando ao volante de distintos vehículos, o piloto de Meira confirmara que disputará o rally-raid máis duro do mundo xunto ao copiloto lucense Mario G. Tomei.

Aos seus 55 anos, a primeira ex-

periencia de Sergio Vallejo no Dakar susténtase nun proxecto con ingredientes sólidos. Durante o acto, no que se descubriu o aspecto do Century Racing CR6 co que disputarán o rally, lembrouse a traxectoria deste piloto, que entre moitas outras distincións, foi dúas veces campión de España de rallyes.

O deputado nacionalista Efrén Castro lembrou que “a traxecto-



ria de Sergio Vallejo creou moita afección ao automobilismo en Lugo” e sinalou que “o proxecto supón un fito para o deporte

lucense xa que por primeira vez participa no Dakar un coche con piloto e copiloto lucenses na categoría T1”.

Fran Xusto é o novo adestrador do CD Lugo

O CD Lugo fai oficial a incorporación do técnico Fran Xusto como novo adestrador do club amurallado tras chegar a un acordo co CD Arenteiro. Desde esta entidade “queren agradecer ao CD Arenteiro a súa disposición intachable en todo o proceso realizado, facilitando a chegada do novo adestrador albi-vermello”.

Xusto supón unha das realidades emerxentes máis importantes do panorama técnico en Galicia. Trátase dun adestrador de crecente percorrido, e que vén realizando importantes tempadas, en conxuntos como o Ourense CF, ou o CD Arenteiro. Todo iso, conseguindo recoñecementos nacionais, como a Copa Federación, sendo actual líder indiscutible do seu grupo, e habendo



do recentemente superado na súa eliminatoria de Copa do Rey á VDE Almería.

Preparación, proxección e método demostrado, nunha incorporación coa que o CD Lugo mantén a súa confianza na chegada de talento novo e capacitado, apostando, ademais, por valores do fútbol galego.

O CB Breogán e a Facultade de ADE crean un convenio de prácticas

A USC e o Club Baloncesto Breogán S.A.D. intensifican a súa relación a través da sinatura dun convenio de prácticas, promovido a iniciativa da Facultade de Administración e Dirección de Empresas do Campus de Lugo e dirixido a alumnado dos últimos cursos dos graos en Administración e Dirección de Empresas e en Empresa e Tecnoloxía.

O novo acordo ofrece ao alumnado dos últimos cursos de grao a posibilidade de realizar prácticas curriculares e extracurriculares nun club deportivo profesional de máximo nivel. Esta nova liña de colaboración

permitirá, segundo explica o decano Roberto Bande, que o alumnado da Facultade de Administración e Dirección de Empresas complementa a súa formación en xestión, dirección, marketing, relación cos clientes e provedores, cos abonados, etc.

A xestión económica do deporte combina boa parte das competencias traballadas nas dúas titulacións de grao impartidos no centro universitario lugués, sinala Bande Ramudo, que estima que a oferta de estadias en prácticas no CB Breogán contribuirá á formación de profesionais responsables da administración, di-

rección e xestión de empresas que se desenvolven en contextos altamente competitivos.

Este novo convenio contempla a posibilidade de que os futuros graduados e graduadas poidan desenvolver os seus respectivos TFG durante as súas estadias en prácticas nas distintas seccións e departamentos do CB Breogán, reforza as excelentes relacións mantidas desde sempre entre as dúas entidades e que se teñen materializado en diferentes áreas de colaboración, e mesmo o patrocinio do club deportivo por parte da USC durante varias tempadas.

De volta á realidade

Por Adrián Fernández

O Breogán encadea tres derrotas consecutivas nun mes de novembro moi malo que nos devolve á realidade, unha pequena cura de humildade para os que xa estaban a pensar na Copa como o ano pasado.

Despois de dúas vitorias seguidas chegabamos ao Pazo con ilusión e ganas de ver ao equipo xogar contra o Valencia Basket e o encontro non defraudou a ninguén. Partido de ida e vida no que cada vez que un dos equipos facía un bo parcial para marcharse no electrónico, axiña o outro respondía con outro bo parcial para cambialo resultado. Primeiro comezaría o Breogán da man de Bamforth e Happ (18 e 19 puntos) e a resposta chegaría por parte de Chris Jones (24) e Dubljevic (18), este último sería decisivo nos instantes finais para darlle a vitoria a

Valencia por 83-88; un encontro que se perdeu por pequenos detalles pero que aínda así deixaba bo sabor de boca antes de parón polas ventás FIBA.

Volví a competición despois dun pequeno descanso e viaxabamos á casa dun dos rivais directos, o Coviran Granada. Os recén ascendidos están a ser unha das sorpresas da Liga e non tardaron en demostrar o porqué, cun xogo rápido e agresivo poxéronse por diante dende o primeiro minuto e pese a un pequeno intento de remontada por parte do Breogán no terceiro cuarto ao final levarían a vitoria os andaluces por 80-70, nun último cuarto onde os de Lugo estiveron moi atascados no ataque con moitas perdas de balón e malos tiros.

Había que quitarse o mal sabor de boca e tocaba facelo na casa contra o líder da competición, o

Lenovo Tenerife; mal rival para intentalo e así se demostrou dende o comezo ata o fin. Non houbo encontro e os canarios levaron a vitoria por 61-86 nun partido no que o Breogán volveu a recordar ao equipo que xogou contra Joventut e Gran Canaria, un equipo sen claridade en ataque ao que lle falta talento individual para xerar perigo cando os sistemas non funcionan ou son ben defendidos.

O Breogán semella un equipo cheo de altibaixos no que non hai un plan B cando as cousas non saen como se plantexan, malas sensacións para afrontar un mes con dous encontros fora da casa moi importantes contra rivais directos coma o Xirona o 4 de decembro e o Betis o 17, e dous partidos no Pazo moi difíciles de gañar coma o Barcelona o 11 de decembro e o Baskonia o 27.



GALA DO DEPORTE DA MILAGROSA. Un ano máis celebrouse a Gala do Deporte da Milagrosa coa que a Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais deste barrio lucense recoñece anualmente a deportistas e clubs da provincia de Lugo polo seu traballo e traxectoria. Os galardoados nesta edición foron José Antonio Durán, Xoel Teijeiro, Juan Manuel Castro, José Luis Rois, Manuel Teijeiro, José Manuel Álvarez, Olivia Mon, Juan Artigas, Miguel Rois, José Castro, Pablo Negro, Alberto Corral, Andrés Pereiro, Jandro Pallares, sección de tenis del Fluvial, Muralla Rugby Club e Cidade de Lugo Piragüismo.

“O circuío ten as características dos nacionais e internacionais”

Martín Pérez é secretario do club Motopark Lugo

O pasado 27 de outubro celebrouse a inauguración do circuío Jorge Prado, un circuío de motocross ubicado na parroquia de Teixeira que conta con máis de 2.000 metros de pista. O club Motopark Lugo é o encargado da xestión deste circuío, falamos con Martín Pérez, o seu secretario.

Que é o Circuío Jorge Prado?

O circuío Jorge Prado é un circuío creado nun entorno natural, situado nas inmediacións da área dos Lagos de Teixeira nunha parcela municipal que conta cunha lonxitude de 2.100 metros e un ancho de entre 8 e 10 metros. Ademais, ten unha saída de 40 metros de ancho con capacidade para acoller aos 40 pilotos que poden chegar a competir en cada categoría. O circuío ten as características propias de calquera circuío de nivel nacional e internacional.

Que podemos atopar nestas instalacións?

Estas instalacións contan principalmente cun circuío de MX que ten un trazado deseñado para todos os niveis, tanto para pilotos amateur como para pilotos profesionais, con saltos para todos os niveis que foron realizados aproveitando os desniveis naturais do terreo. Dentro do recinto tamén nos atopamos con dúas zonas para o paddock.

Como xurde o proxecto de crear un circuío así en Lugo?

O proxecto xurde entre un grupo de amigos afeccionados a este deporte. Nun primeiro momento intentamos levar a cabo a rehabilitación do antigo circuío de Rubiás por parte de Motopark Lugo. Este proxecto non foi posible ante unha falta de acordo cos propietarios da parcela. Ante a dificultade de atopar un espazo onde adestrar e practicar este deporte propúxoselle ao Concello de Lugo crear un circuío de motocross nunha parcela municipal e que levará o nome do lucense e bicampión do mundo Jorge Prado. Unha vez atopada a parcela adecuada levouse a cabo a execución da obra por parte do Concello de Lugo coa colaboración do club Motopark Lugo.

É un lugar accesible a calquera ou so destinado a profesionais?

O circuío Jorge Prado é un circuío aberto a todos os pilotos independentemente do nivel, con un trazado idílico para a práctica deste deporte debido á contorna e ao terreo.

Que é necesario para acudir ao circuío? Cando se pode acudir?

Pódese acudir ao circuío as fins de semana e festivos en horario de 9.00 a 15.00 horas e será necesario estar federado ou dispoñer dun seguro de

accidentes persoal. No caso de non dispoñer dun pódese tramitar co persoal do club no propio circuío.

Canto seguimento ten o motocross en Lugo? É un deporte popular?

Pois a verdade é que é un deporte un tanto esquecido. Isto é en parte debido a que en toda a provincia case non hai circuíos para poder practicalo e falando a nivel autonómico son moi poucos cos que poden contar todos os afeccionados a este deporte. Pero temos que dicir que desde uns anos para adiante e grazas ao tirón dos nosos pilotos, tanto o lucense Jorge Prado como o vigués Rubén Fernández, aumentou moito o número de afeccionados.

Que lle diría alguén que lle gustaría comezar neste deporte?

Que se anime a vir ao circuío onde alí poderá participar en cursos de pilotaxe para todos os niveis e coñecerá a moitos pilotos que se achegan de todas partes, tanto de Galicia como doutras comunidades autónomas.

Que aporta contar en Lugo cun espazo coma este?

Pois temos que dicir que no que vai desde a apertura, en xullo deste ano, pasaron pilotos de toda España, os cales fixeron uso tanto da hostalaría



como doutros servizos e déronlle a Lugo un punto de referencia no motocross nacional.

Como vai o proxecto para ser sede dunha competición do campionato de España?

Pois con moito traballo ao ser unha novidade tanto para nós como para a cidade, aínda que estamos a espera da confirmación oficial por parte da Federación Española de Motociclismo, contamos coa colaboración

das administracións, Concello de Lugo, Deputación de Lugo e Xunta de Galicia.

Que proxectos teñen?

Unha vez pasada esta proba de carácter Nacional o circuío acollerá diferentes probas a nivel autonómico. Tamén contaremos con cursos de pilotaxe para todos os niveis con pilotos profesionais como Román Pérez, que impartirá mínimo un curso cada mes.

Lugo acollerá unha das probas do Campionato de España de Motocross

Lugo será a sede dunha das sete probas do Campionato de España de Motocross, á que o Concello colabora cunha achega de 70.000 euros.

A alcaldesa agradeceu, así mesmo, o compromiso de apoio á mesma manifestado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial o que, destacou, “vén a reforzar a aposta decidida do Executivo local por contar cun circuío municipal na cidade de Lugo”.

A alcaldesa non dubidou en “ofrecer a máxima cooperación do Concello para que o circuío Jorge Prado sexa o escenario da competición”.

“Só unhas semanas despois de inaugurar oficialmente esta dotación, estamos a comprobar que comeza a posicionarse xa como nunha pista de referencia, con capacidade para albergar probas nacionais e internacionais”, engadiu a rexedora ao



tempo que puxo en valor o atractivo do evento – no que se disputarán probas de MX1, MX2 e MX125 – e no que se prevé a participación duns 130 deportistas e a asistencia de máis de 10.000 espectadores.

Este recinto, ubicado na parroquia de Teixeira, conta con 2.000 metros de pista e 10 metros de ancho. Para a súa execución aproveitáronse os

desniveis naturais do terreo para facer parte dos saltos, contando así cunha ampla variedade, tamén de trazadas, para todos os niveis, mesmo aqueles máis técnicos e aptos para pilotos experimentados. A parcela dispón, alén, dun espazo habilitado para o paddock e reservouse, igualmente, outra zona para a práctica de quad cros, enduro e trial.

A carreira Lugo Monumental terá lugar o 18 de decembro

A XIX edición da Lugo Monumental celebrarase o domingo 18 de decembro e recupérase a proba de menores que na última edición non correron pola situación sanitaria. Esta carreira conta cun percorrido único polo centro de Lugo e o seu casco histórico, unha característica única nun evento deste tipo, a posibilidade de disputar a parte final da proba sobre un Monumento Patrimonio Histórico da Humanidade.

A primeira proba será a dos máis pequenos que terán a saída ás 11.00 a categoría Pitufos para aqueles nados entre 2017-2018 e cun percorrido de 270 metros. Os seguintes serán os nados entre o 2011 e o 2015 que saíran ás 11.15 e terán un percorrido total de 1420 metros. Por último ás 11.30 saíran os nados entre o 2007 e o 2010 que percorreren 1840 metros. Aqueles participantes nados entre o 2005 e o 2006 poderán elixir entre participar nesta última distancia ou na proba de 10 quilómetros.

A partir das 12.00 será a quenda dos adultos, cun límite de 1.500 participantes, sobre unha distancia aproximada de 10 quilómetros. A inscrición está aberta ata o martes 13 de decembro e haberá premios para os tres primeiros clasificados de cada categoría.

SAN SILVESTRE. O Club Fluvial de Lugo celebra a 28ª edición da carreira popular San Silvestre que terá lugar o vindeiro 31 de decembro.

Os primeiros en empezar serán os Minis, que terán a saída e a meta diante do edificio do Club Fluvial, percorreren 100 metros e a proba dará comezo ás 16.45. Esta categoría contará cunha chocolatina e un pastelíño ao chegar a meta.

A saída das seguintes categorías será unha vez finalice o último corredor da categoría anterior. Os benxamins e alevíns correrán unha distancia de 1300 metros, os infantís e cadetes 2100 metros e o resto de participantes 7200 metros.

COLABORACIÓNS

Luces na escuridade

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A realidade demográfica do interior de Galicia non se pode disimular; a evolución da poboación nas últimas décadas pódese analizar a través dos distintos padróns municipais. Asistimos impasibles a unha mingua constante de veciños nas nosas aldeas, onde cada vez hai máis xente maior e menos novos.

A aparición do Covid trouxo consigo un confinamento que nunca tal se vira; as familias tiveron que ficar nos seus propios domicilios

durante semanas. Esta dura experiencia fixo reflexionar a moitos sobre a calidade de vida, xa que resultou difícil manter en apartamentos e pisos de sesenta, setenta ou noventa metros cadrados a pais e fillos xuntos as vinte e catro horas do día. Aqueles que residían nunha vivenda unifamiliar eran vistos con certa envexa, xa que mentres uns estaban apilados, os outros tiñan un prado, unha horta, ou unha simple veiga onde poder estirar as pernas e respirar. Agricultores e gandeiros seguiron coa súa actividade de maneira practicamente normal; a atención ó gando e aos cultivos tivo que seguir cos seus hábitos. A raíz dese acontecemento que tanto nos afectou,

si se observou certo aumento na poboación dalgúns concellos, coa chegada de novos veciños que se instalaron en zonas rurais, ben aproveitando que había unha casa familiar, ben alugando ou comprando, e incluso construíndo novas edificacións. É un feito este que si se constatou, coa correspondente alegría xeral, xa que sempre é motivo de satisfacción que a paisaxe humana aumente, sobre todo se hai pequenos polo medio. No entanto, esas novas incorporacións seguen sendo escasas para reverter a pirámide poboacional, que continúa a ser demasiado estreita por baixo e moi ancha por arriba.

De aí que cando un le novas nos xornais, como a de dous rapa-


ces que arrendaron unha finca en plena pandemia no lugar de Ribadeume, nas Pontes, para desenvolver un proxecto de cría de gando vacún de carne, non caiban outras reaccións que non sexan de admiración e devoción cara eles pola decisión tomada. Ambición non lles falta a Javi e Álex, que decidiron instalarse nunha aldea que leva deshabitada cen anos e á que non chega a luz –curioso, estando nas Pontes-. Xa teñen 21 vacas e a idea deles é incrementar a cabana. Emprendedores e con iniciativa, estes mozos tamén apostan pola cría de ovellas e pitas poñedoras. Ademais, esa cultura do esforzo queda certificada cando ámbolos dous combinan esta actividade

gandeira con outros traballos. Sen ningún xénero de dúbidas, Javi e Álex son verdadeiro exemplo de coraxe e valor, nunha época tan complexa como a actual e cun futuro máis cheo de incógnitas que nunca. Son unha luz no medio da oscuridade, que merecen toda a sorte do mundo na súa andaina que ven de comezar. Por diante, como eles son plenamente conscientes, teñen grandes desafíos e retos, así como moito traballo para seguir medrando e poder vivir con dignidade.

Existen modelos similares a estes dous amigos, que optaron por facer vida a ras de chan e que tamén iluminan esta noite escura. Para todos eles, parabéns e moito ánimo.

Conversa con Xesús Mato: sacerdote, musicólogo, escritor e activista social

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

A última conversa que manteño este ano é cunha persona moi importante para min, tanto a nivel personal como social, xa que fun unha nena que medrou en Auxilia, baixo o seu exemplo.

Explícome, máis alá da súa figura coñecida e recoñecida por diversos galardóns, entre eles ser nomeado Fillo Predilecto de Paradela en 2015 e obter a Medalla Castelao en 2018, ademais de ser o cofundador de Fuxan os Ventos, que está a celebrar este ano o seu cincuenta aniversario; ao igual que a delegación de Auxilia en Lugo que tamén fundou fai medio século.

O entrevistado é Xesús Mato Mato.

Nado en Cabo de Vila (San Martiño de Castro, Paradela) o 29 de outubro de 1932, é un sacerdote, musicólogo e escritor galego, pero por enriba de todo practicou o activismo social, naquela época de tantos medos. Del escoitei, por primeira vez na miña vida, palabras coma xustiza social, Igualdade de oportunidades, exercer os Dereitos...Aprendín o que era o activismo social, sendo pioneiro en moitas cousas.



Cando viñestes para Lugo?

No ano 1946 para facer a carreira sacerdotal no Seminario, durante doce anos.

Cal foi a túa primeira parroquia?

Foi en Lalín, alí estiven preto de nove anos, onde fun coadxutor e profesor de Filosofía e Música nun colexio privado e, despois, profesor de relixión no Instituto Laboral. Lalín, daquela, tiña unha poboación de catro mil habitantes e había bastante movida social.

E alí empezou a túa traxectoria radiofónica?

Sí, existía unha emisora parroquial que se converteu na primeira emisora Radio de Popular

en Galicia, da que fun o primeiro director.

E que facías?

Nesta época tiven que copiar dos grandes e improvisar moito. Concebín a emisora como unha axuda ao apostolado, non para predicar senón para a formación en valores. Logo, eu tiven que formarme en 1967 e obtiven o título de técnico Radiodifusión-Redactor en Madrid.

Onde empezou a túa traxectoria musical?

Tamén en Lalín, xa que fundei e direxín a Polifónica dese concello.

E cando volves para Lugo?

En 1968 xa que o bispo Ona de

Chave, que era o responsable da Comisión episcopal de medios, moi afeccionado a radio, chamoume para ser o asesor relixioso e redactor en Radio Popular de Lugo.

Unha vez en Lugo cal foi o teu labor?

Empecei sendo o director espiritual e asesor do Colexio Menor Feminino. E alí, no coro que dirixía, atopei voces moi boas, de rapazas que coñecían cancións das aldeas, das súas avoas. Algunhas delas formarían parte de Fuxan, xunto con algúns rapaces do colexio masculino, Eijo Garay. Un dos meus obxectivos persoais era dar a coñecer a riqueza da música popular que temos en Galicia.

Sempre querías levar algunha parroquia?

Sí, claro, durante dezasete anos fun párroco de seis parroquias na Montaña do Cebreiro.

Tamén te preocupaba moito os colectivos sociais máis vulnerables?

Por suposto, porque o eido social está moi vinculado coa igrexa, en canto a ética e valores. Entón a radio servíume para buscar cambios renovadores na Igrexa e na sociedade. Ademais o feito de actuar, nos inicios de Fuxan, polas vilas e aldeas, servíunos para coñecer a xentes que por

ter unha minusvalía estaba como agochadas na súas casas, sen ningún tipo de participación na comunidade. Algunha ocasión escoitei moi abraiado a seguinte frase: ‘Leváronme a mellor vaca que tiña’. Daquela me enterei da existencia dunha entidade de voluntariado, aconfesional y apartidista, coa súa orixen en Francia e levada a cabo en Barcelona polo matrimonio Deffontaine, necendo o que sería o primeiro núcleo de Auxilia en España. Esta entidade traballaba con persoas e, sobre todo con nenos, que tiñan algunha minusvalía, o que despertou meu interese para montar unha delegación en Lugo. E, unha vez máis, aos inicios do setenta, tiven que ir ao sitio onde se cocía o asunto para saber de qué iba a cousa. Daquela en Galicia non había nada deste tipo. E había que facer algo, por exemplo, as colonias no verán que financiábamos, en parte cos Festivales ‘Operación Sol’. Aí mesturábanos o labor social e a música. Unha mestura moi recoñecida pola mocidade que estudaba en Lugo, ben nos institutos ben nos centros universitarios da cidade, especialmente, Maxisterio.

Pódese dicir que ti rompiches moitas barreiras?

Había que facelo, asumindo riscos ao principio, pero sempre con moita ilusión. É o que tocaba.

O 25N deixou numerosas imaxes con concentracións moi diferentes



O RECUNCHO DE CANELINA



DE RUTA EN RUTA

Castro de Rei: Ruta do Azúmara

Este roteiro chairego atravesa zonas de monte e de bosque autóctono á beira de vellos muíños e singulares pasarelas

Esta é unha senda lineal que se percorre máis facilmente comezando dende o Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga, circunstancia que debe ser aproveitada para visitar unha das referencias da vida castrexa en Galicia.

Este roteiro, aberto e sinalizado desde xuño de 1998, atravesa zonas de monte ata subir ao Cordal e despois vai polas beiras do río Azúmara (do que toma o seu nome), a lado de vellos muíños e singulares pasarelas entre outras mostras de arquitectura popular, nunha contorna onde aínda é posible gozar da vexetación autóctona galega.

Dende o museo, descéndese gozando dunha espectacular panorámica da Terra Chá; pouco a pouco o bosque de bidueiros e ameneiros cubriranos ata chegar ao Lugar de Monelos, onde poderemos contemplar un fenomenal conxunto de arquitectura civil composto polo Pazo de Fontexón, a casa anexa e o muíño, estes últimos exquisitamente restaurados.



DATOS



2 h 30 min.



7 km.



Dificultade baixa

Sen esquecer, a escasos metros da ruta, a igrexa de San Xoán de Azúmara. Continuando polo curso do río Azúmara chegaremos á antiga mina de arsénico.

Segundo contan os veciños, a extracción deste metal tóxico supuxo nos anos 40 un importante complemento para a economía local. Ademais da boca

da mina, aínda pode verse, paralelo ao noso sendeiro, unha longa e profunda canle que conducía auga ata a mina. E seguindo o tranquilo descen-

so do río chegaremos ata o final do camiño na área recreativa á entrada do pobo de Castro de Rei, onde se recibe ao camiñante noutra paraxe singular.

No frenes su rendimiento.
FRENA SU MIOPÍA.



Frena el avance
de la miopía



Lentes de
contacto



Lentes
oftálmicas



federópticos
Lukus-Audiocentro

Conde Pallares, 2
27001 · Lugo

T. 982 245 617

T. 609 275 276

Nº R. S. E27-000138, E27-000394

